

## As beirarrúas que o Concello está a construír en Nós mudarán a imaxe da zona

Páxina 4



Concello de  Oleiros


## O goberno local constrúe catro novos parques infantís

Páxina 5

# Vivir en Oleiros

Número 35  
Xaneiro 2011  
Toda a actualidade en:  
[www.oleiros.org](http://www.oleiros.org)

## Vista do acceso á finca Tenreiro



## Oleiros conta cos impostos máis baixos da comarca

Páxina 11

## As bibliotecas municipais promoven a lectura entre os escolares

Páxina 19

## A memoria de Ana Kiro será homenaxeada cunha praza en Mera

Páxina 6

# A Xunta boicotea a construción do novo colexio de Nós

■ A Xunta de Galicia está a impedir a construción do centro de ensino na parroquia de Nós. Este necesario colexio de educación infantil e primaria é unha demanda do Goberno local, quen puxo a disposición da Consellería de Educación, para que esta procedese á súa edificación, unha parcela de 11.486 metros cadrados na que investiu 300.000 euros das arcas municipais. A decisión de ceder esta parcela, que conta con todos os servizos necesarios e no PXOM vén cualificada como solo para equipamento docente, contou coa aprobación da Xunta, quen agora utiliza argucias e asegura que o terreo non é apto, só para xustificar a súa incompetencia. Nas páxinas interiores poderás consultar a documentación e ler toda a verdade sobre este asunto.

Páxinas 12, 13 e 14

## O entroido e o teatro protagonistas da oferta cultural de inverno

A tradicional festa do entroido, que conta cunha ampla participación no noso concello, e a programación teatral, composta por seis interesantes obras, centran a oferta cultural para os meses de inverno.

Páxinas 20 e 21

Como saber  
*onde*  
está todo  
en  
*Oleiros*

AXENDA  
Páxina 23



Alternativa dos Veciños

## 5 DE FEBREIRO UNHA eLECCIÓN DE DEMOCRACIA

O pasado 26 de novembro, Perillo, nunha asemblea aberta a todos os veciños e veciñas desa localidade, elixiu os catro últimos pre-candidatos que conformarán a lista aberta das 31 persoas que concorrerán ás eleccións primarias que terán lugar o 5 de febreiro de 2011 no pavillón Arsenio Iglesias de Santa Cruz. Unha verdadeira festa democrática e participativa, con xogos, música, baile e outras actividades para pasar un día agradable, e co valor engadido de que calquera persoa maior de 18 anos poderá elixir,

desde as 11.00 da mañá ata as 21.00 da noite, mediante voto secreto, as 21 persoas candidatas que considere máis axeitadas para concorrer ás eleccións municipais de maio de 2011.

Cómpre resaltar que Alternativa sempre baseou o seu traballo na participación, na reflexión e no debate colectivo dos veciños e das veciñas, ou sexa, unha verdadeira **cultura de participación social**, onde a cidadanía colabora activamente nas iniciativas e na toma de decisións que logo pon en marcha o goberno.

Esta é a verdadeira democracia, na que a poboación nun exercicio de responsabilidade, implícase e séntese parte do proxecto de Alternativa para o beneficio de todo o conxunto do pobo de Oleiros. Os logros acadados desde o inicio da democracia están á vista de todos. Unha chea de equipamentos e servizos, unha grande oferta deportiva, cultural e social que garanten unha gran calidade de vida a todos os oleirenses, todo iso ademais nun territorio ecoloxicamente equilibrado, ben coidado, socialmente xusto e

economicamente próspero.

Por todo, invitamos á cidadanía de Oleiros a que participe nas eleccións primarias do 5 de febreiro, para conformar a mellor lista para as eleccións municipais de maio. O poder de decisión radica no pobo que de forma democrática e transparente elixe a mellor candidatura.

Para consolidar o nivel acadado e seguir mellorando, aínda máis, é necesaria a vosa participación, porque a única Alternativa somos nós.

Partido Popular de Oleiros / Pablo Cobián, portavoz do PP de Oleiros



## Iniciativa, diálogo y solución de problemas

Buscar siempre lo mejor para los vecinos de Oleiros. Ese ha sido y seguirá siendo el único objetivo del trabajo político del Partido Popular en este Ayuntamiento. Este grupo ha demostrado que cuando se nos llama, respondemos. Con nosotros es fácil llegar a acuerdos para resolver problemas, si se intenta.

El alcalde sabe bien que siempre que se ha sentado a negociar con el Partido Popular ha conseguido acuerdos fáciles y rápidamente. El problema es que se nos han dado pocas oportunidades de negociar. La última muestra de la capacidad del PP para dialogar y resolver problemas es la aprobación de la lista de obras a financiar con fondos del Plan de Obras y Servicios (POS) de la Diputación. Dijimos no a la primera propuesta porque el Gobierno local la presentó de forma unilateral, sin contar con los demás grupos, e incum-

pliendo compromisos adquiridos en el pleno. El principal, la mejora de Santa Cristina, una obra comprometida cuando se aprobó el presupuesto, y que el PP viene defendiendo desde el inicio de la legislatura. De hecho, la incluimos en el presupuesto de 2008, que el PP apoyó, aunque finalmente el Gobierno local no la ejecutó.

El alcalde debe recordar que gobierna en minoría y que su obligación no sólo es presentar propuestas, sino también garantizar el apoyo necesario en el pleno para aprobarlas. Y eso no se hace con amenazas ni desafíos, sino con diálogo y negociación. El PP rechazó la propuesta inicial del Gobierno, pero no con el afán de boicotear nada ni mucho menos de hacer perder al Ayuntamiento 500.000 euros. La prueba es que al día siguiente solicitamos un pleno extraordinario y urgente y que fue

el portavoz de este grupo, Pablo Cobián, el que llamó al alcalde para celebrar una reunión y acordar una nueva propuesta que desbloqueó la situación, facilitó el acuerdo y permitió que los vecinos de Oleiros no pierdan los fondos provinciales que les corresponden.

El PP hizo posible que Oleiros tenga fondos del POS y que parte de ellos sean para iniciar la mejora de Santa Cristina, una obra que el Gobierno local rechazaba y que, gracias a este grupo, se iniciará el próximo año.

Y se hará sin renunciar a ninguna de las obras de saneamiento propuestas por el Gobierno. Pablo Cobián logró el compromiso de la Xunta para hacerse cargo de estas actuaciones y él mismo se encargará de presentar los proyectos a la Consellería de Medio Ambiente. Como dijo el alcalde en el pleno, la propuesta era irrechazable.

Gracias a la iniciativa del PP, Oleiros logra fondos para nuevas obras sin renunciar a ninguna de las que ya tenía previstas.

Es una muestra de que la oposición del PP se basa también en iniciativas. Este grupo hace propuestas. Las hizo en 2008, cuando apoyó el presupuesto municipal, las hizo para resolver los graves problemas de la urbanización de Mesón da Auga o los vertidos en San Pedro de Nós. También hizo propuestas para resolver la situación de los suelos desclasificados en el plan general o los afectados por la huella sonora, pero en esos casos no hubo tanta suerte y no fueron escuchadas de momento.

En cualquier caso, el PP seguirá presentando iniciativas y promoviendo el diálogo para resolver los problemas de los vecinos de Oleiros.



Grupo Municipal Socialista / Covadonga Díaz Varela. Voceira do Grupo Municipal PSdeG - PSOE. Concello de Oleiros

## Señor, ¿qué ha hecho Oleiros para merecer esto?

Es evidente que la Xunta de Galicia del señor Feijóo maltrata al pueblo de Oleiros. Pero es también evidente que el Gobierno Local sufre una parálisis gubernamental.

El gobierno de la Xunta de Galicia niega un nuevo colegio a la parroquia de San Pedro de Nós que pondría fin al colapso que sufren actualmente las aulas de nuestro ayuntamiento, paraliza la nueva carretera al Puerto de Lorbé tan necesaria para el progreso económico de la zona, y amputa el tercer tramo de la Vía Ártabra dejando sin sentido un vial que serviría para unir rápidamente una parte importante del Área Metropolitana con la autopista AP-9, la autovía A-6, y con ello y la Tercera Ronda, para acceder a los polígonos industriales y a la ciudad

de A Coruña.

Tras un aparente plan de austeridad no se esconde otra cosa que el menosprecio de las obras públicas necesarias para el desarrollo de Oleiros en particular, y de Galicia en general. Porque si de austeridad se tratara se pospondrían obras faraónicas que continúan, pero no la Vía Ártabra a la que la Xunta anterior ya ha destinado 90 millones de euros de fondos públicos.

A este maltrato de la Xunta tenemos que unir la falta de iniciativa del Gobierno Local. Alternativa de los Veciños ha inaugurado y vendido como propias obras que ha financiado al 100% el Estado, la Diputación Provincial o la anterior Xunta de Galicia, es decir, gobiernos del PSOE que han financiado la

Piscina de Dorneda, la nueva Escuela de Danza, la Pista Polideportiva de Santa Cruz, la mejora en los parques infantiles del Ayuntamiento, o las naves para empresas en Iñás. También será la Diputación gobernada por el PSdeG-PSOE, quién subterranice los contenedores de basura de Santa Cristina y de Santa Cruz (Viñas de Babilonia).

Fuera de estas obras es difícil encontrar otras que se hayan realizado con presupuesto municipal. ¿Será esto otro plan de austeridad? Cuesta entender que un gobierno local pregone austeridad en las obras mientras paga del erario público programas semanales en radios comerciales para que el Alcalde se explaye criticando a los partidos de la oposición. Que se gaste una parte importante del presupuesto

en acompañar el Vivir Oleiros, (donde siempre tenemos problemas de espacio para dirigirnos a usted), de un libro sobre el deporte en Oleiros, cuando la mayoría de los equipos y deportistas que allí aparecen seguro que preferirían que ese dinero se utilizara en mejorar las instalaciones deportivas del Ayuntamiento, o que se esté financiando una Emisora Municipal para ser simplemente la voz del amo sin derecho a réplica.

Mientras los vecinos contemplan como el alumbrado público es deficiente, y el transporte escolar de las escuelas infantiles desaparece, el Alcalde nos ilumina con su verbo, sin pudor.

Señor, ¿qué he hecho Oleiros para merecer esto?



Bloque Nacionalista Galego / Fina Quintáns Antelo. Portavoz do BNG no Concello de Oleiros.

## Darlle unha volta a Oleiros

Na actual situación de crise económica Oleiros non pode seguir fiándose todo aos ingresos urbanísticos como ata o de agora. Eses tempos remataron e xa vemos as dificultades de financiamento para manter servizos e frear o abandono de zonas como Sta. Cristina, Nós, Dexo e outras. Precisamos de políticas de reactivación económica que impulsen sectores tan esquecidos polo

noso Concello como o pequeno e mediano comercio e a industria, que prestan un servizo próximo, crean riqueza e xeran emprego. Oleiros non resiste a comparación con outros concellos máis pequenos: Betanzos, Sada... Onde pode un oleirense mercar un par de zapatos, un electrodoméstico...?

Todo este potencial económico deixámolo mar-

char mentres o goberno da Alternativa segue a piñón fixo, con propostas caducas, insistindo en máis ladrillo e potenciando áreas comerciais afastadas (Iñás, agora Bastiagueiro) das que xa coñecemos os resultados: "pelotazos" urbanísticos, ruína do pequeno comercio, emprego precario e máis agravamento do tráfico. As novas propostas teñen que vir da esquerda.

A dereita, o PP, xa sabemos a onde nos leva: privatizacións, redución e encarecemento dos servizos, desigualdade social e enriquecemento dos amiguetes.

O BNG achega novas ideas e capacidade de xestión. Para mellorarmos Oleiros. O BNG é garantía. Co BNG podemos darlle unha volta a Oleiros.



# EDITORIAL

## ● Gasolina ao lume

◆ É moito o que escoitamos e o que se divulga a través dos distintos e *variopintos* medios de “comunicación” respecto á situación económica mundial e aos gobernos que lles está tocando sufrir as consecuencias da salvaxe política neoliberal. Esta política está ao servizo da gran banca e das multinacionais depredadoras que monopolizan os recursos enerxéticos e as materias primas do planeta co apoio de gobernos corruptos e servís xunto coa imprescindible colaboración das mafias, os señores da guerra e os escuadróns da morte.

O “perfecto” sistema de goberno dos países occidentais está prostituído, enfermo, mediatizado, está necesitado dunha cura urxente antes de que os virus que o teñen infectado rematen con el.

Foron necesarios decenas de lustros, a través da loita da masa obreira e a pequena burguesía, para alcanzar un sistema que mellorase as condicións de vida e que lles permitise autogobernarse a través da creación de leis respectuosas coas persoas e coas organizacións, entidades e administracións que regulaban e administraban os dereitos e obrigas do conxunto da cidadanía.

Millóns de homes e mulleres foron vítimas duns poucos que, en tempos feudais e ditaduras inhumanas, pretendían impedir os seus obxectivos. Por todo iso, non debemos deixarnos enganar novamente por aqueles elementos que, acazapados na política, ou nesas máquinas devoradoras de materias primas e acaparadoras dos recursos para

o desenvolvemento e progreso dos pobos, nos devolvan a épocas pasadas de submisión e escravitude, de fame e de miseria.

A política de globalización, baseada no neoliberalismo capitalista duns poucos é a única culpable da desastrosa situación económica que estamos a vivir. Pola contra estannos facendo crer que a culpa é de gobernos progresistas: chámense socialistas, verdes, de centro, nacionalistas ou mediopensionistas, que non quere dicir que algúns destes estean á marxe da situación mundial que vivimos, pero ollo con aqueles que, día tras día, vaticinan a ruína e o caos porque forman parte da mesma madeira do tronco da árbore neoliberal, ollo cos salvapatrias que están desexando meter a man na caixa común, ollo cos descastados políticos que nos anuncian milagres se acadan o goberno a través das súas arengas incendiarias.

Que están facendo?, en que están colaborando?, que están achegando para mellorar a situación? Lamentablemente a súa contribución basease en botar gasolina ao lume, en abrasar os bombeiros, en incrementar e propagar o incendio para así, cunha política de terra queimada, dobrezar os cidadáns e intentar convencelos de que voten os pirómanos que, sen achegar nada positivo, só destrución, recollerán unha colleita de votos das redes daqueloutros que non souberon conservar os seus caladoiros por incautos e por deixarse engaiolar polos cantos de sereas de banqueiros e multinacionais.

**RADIOLEIROS** por directa e inmediata

**101.5 FM**

• para informar, para falar, para escoitar,  
para entreter, para acompañar, para ti

■ Todos os días ■ Toda a información ■ A TÚA RADIO

# As obras de construción de beirarrúas en Nós, preto de concluírse ▶

■ *Os traballos mellorarán a seguridade viaria e a calidade de vida na zona*

◆ O Goberno local está a finalizar as obras de construción de beirarrúas e a ampliación da calzada nas rúas A Seara, San Marcos, Pilar Estévez Diéguez, Manuel Murguía e na rúa das Rás. A mellora das comunicacións, e sobre todo, a mellora da seguridade viaria tanto para os vehículos, como para os peóns é o obxectivo fundamental desta iniciativa do Concello. Ademais, estes traballos repercuten na mellora do contorno e na calidade de vida das persoas residentes e dos centos de veciños e veciñas que percorren diariamente estas vías.



■ Aspecto da rúa A Seara antes da obra



■ Os traballos melloran a rúa enormemente



■ A rúa Pilar Estévez Diéguez antes da transformación



■ As beirarrúas nesta rúa garanten a seguridade



■ Manuel Murguía era una vía estreita



■ A rúa mellora o seu ancho e conta con beirarrúas

## Nós conta cunha nova e ampla biblioteca ▶

■ *A instalación da casa do pobo aumenta o seu espazo nun 200%*

◆ O Concello de Oleiros levou a cabo unha importante obra de mellora da biblioteca da casa do pobo de Nós. Os traballos foron levados a cabo integramente por operarios municipais, o que permitiu reducir os custos e axilizar o proceso de contratación. Deste xeito, máis do 50% do espazo da casa do pobo de Nós dedicouse a albergar a biblioteca que aumenta o seu espazo nun 200%. Ademais de ampliar o espazo dedicado á lectura tamén se instalaron 8 novos postos de acceso a internet.





## Contratada a obra de construción de beirarrúas en Salvador de Madariaga ▼

### ■ *Auméntase a seguridade viaria dos peóns e posibilitase o tránsito simultáneo en ambos sentidos dos vehículos*

◆ Ao longo do mes de decembro do ano pasado o Concello de Oleiros contratou as obras de construción de beirarrúas e ampliación de calzada na avenida Salvador de Madariaga, vía que comunica a localidade de Montrove co Seixal. Esta estrada, que nos últimos anos sufriu un importante incremento do tránsito de vehículos, necesitaba actuacións urxentes para poder garantir a seguridade viaria e a integridade física dos centos de veciños e veciñas que a diario transitan por ela. A falta de ancho na calzada dificultaba o tránsito de vehículos en dobre sentido, problema que se solucionará coa nova obra. Ademais o Concello está a estudar a necesidade de establecer un tramo de sentido único entre a rúa Vacarizas e a zona da Capela.

## O Goberno local constrúe catro novos parques infantís ►

### ■ *As novas instalacións súmanse ás 62 coas que xa conta o municipio*

◆ O Concello de Oleiros construíu ao longo dos últimos meses catro novos parques infantís. Os novos parques, adecuados á normativa europea, súmanse aos 62 que na actualidade xa están a disposición dos veciños e das veciñas no municipio. Estas instalacións están situadas en Cavamontes, en Perillo, entre o edificio de correos e a rúa Nelson Mandela, no parque de Maianca, xunto á igrexa e nas urbanizacións O Vieiro e Mesón da Auga. Ademais destas novas obras, o Concello mellorou diversos parques infantís que xa se encontran en funcionamento. Nesta liña, instalou unha rede de seguridade na instalación da urbanización dos Regos e colocou un novo xogo de forma esférica no parque Luís Seoane de Santa Cruz.



■ Zona de xogos de Cavamontes, en Perillo



■ Parque infantil no Vieiro



■ Novo parque infantil de Maianca, xunto á igrexa



■ Novo parque infantil na urbanización Mesón da Auga

## A punto de rematar a construción da nova sede da Escola Municipal de Danza ►

### ■ *A obra permitirá ampliar a oferta de matrícula o próximo curso*

◆ Están a piques de rematar as obras da nova escola de danza situadas nas inmediacións do colexio Valle Inclán, en Perillo. Esta nova instalación de carácter cultural e educativo permitirá ampliar a oferta de matrícula de cara ao vindeiro curso. Ademais o traslado da actividade docente desde o edificio da Fábrica á nova sede da escola permitirá tamén dispoñer de máis espazo para albergar a novos alumnos e alumnas e contar con novos locais de ensaio na Escola Municipal de Música que permanecerá nesta instalación.





## O Goberno local dedica un parque á memoria de Marcelino Camacho ▼



■ *Trátase dunha zona verde situada nas inmediacións da urbanización Rialta, xunto ao parque Nicolás Redondo*

◆ O Concello de Oleiros dedica un dos dous parques situados nas inmediacións da urbanización Rialta á memoria de Marcelino Camacho. A zona verde que levará o nome do histórico sindicalista está situado ao lado doutro parque en honor a un sindicalista, o parque Nicolás Redondo. Marcelino Camacho dedicou a súa vida á defensa dos traballadores e das traballadoras en España, foi militante do PCE, un dos fundadores de Comisións Obreiras en 1976. Camacho dirixiu C.C.O.O. como secretario xeral desde a súa creación

ata 1987, cando foi nomeado presidente honorífico. Ao longo da súa traxectoria profesional recibiu distintivos como a Medalla ao Mérito Constitucional de mans do Rei Juan Carlos I, distintivo creado para honrar «aquelas persoas que realicen actividades relevantes ao servizo da constitución e dos valores e principios nela establecidos». O Concello de Oleiros estimou que este tipo de persoas merecen un lugar na historia para que o seu labor poida ser recordado.

## A praza da Baía, en Mera, pasa a ser a praza Ana Kiro

◆ O Concello de Oleiros dedicará unha praza á memoria da artista Ana Kiro. A iniciativa de nomear un espazo do municipio en homenaxe á cantante galega parte dos colectivos sociais das parroquias de Dexo, Serantes e Maianca, que tras reunirse, acordaron solicitálo formalmente ao Goberno local. O espazo elixido polo Concello é a praza da Baía, situada en Mera, localidade onde Ana Kiro residía desde hai máis de dúas décadas xunto á súa familia. Ana Kiro foi unha oleirense de adopción implicada coas agrupacións culturais do municipio. A artista da canción galega por excelencia mantivo ao longo do tempo unha colaboración especial coa coral de Mera, colectivo co que estaba moi unida.



## O Goberno local continúa a apostar pola vivenda protexida



◆ O Concello de Oleiros levou a cabo un pequeno acto de entrega de chaves aos propietarios e propietarias dos 60 novos pisos de protección edificadas na urbanización Meixón Frío de Santa Cruz e dos 8 edificadas nas inmediacións da Casa do Concello. O alcalde de Oleiros, Ángel García Seoane, participou nesta xuntanza na que tamén estiveron cooperativistas e varios membros do Goberno municipal. García Seoane reiterou o compromiso do Goberno local de continuar coa efectiva política de promover vivenda protexida, que ao longo dos últimos anos posibilitou a construción de 605 vivendas de prezo taxado, nos mellores lugares do municipio e para os veciños e as veciñas de Oleiros. Neste novo ano vanse construír outras 35 novas vivendas protexidas.

# Entran en funcionamento as melloras do transporte metropolitano pactadas entre o Concello e a Xunta

## ■ O Goberno local leva anos reclamando unha mellora neste servizo

◆ Ao longo deste mes debe entrar en funcionamento o convenio de transporte metropolitano subscrito a pasada primavera entre o Concello de Oleiros e a Xunta de Galicia, único responsable desta competencia. O documento inclúe importantes melloras para as persoas usuarias oleirenses deste servizo entre as que se inclúen a tarifa única, a mellora das liñas e a súa frecuencia e a nova tarxeta de transporte.

Este acordo, demandado desde hai anos polo Goberno local, ten como obxectivo fundamental mellorar a mobilidade e accesibilidade por todas as áreas metropolitanas e, polo tanto, que a cidadanía dispoña dun mellor servizo público colectivo que sexa unha alternativa competitiva e eficiente ao transporte privado.

### Tarifa única

● Unha das principais novidades do convenio é a integración tarifaria, que cambiou o actual modelo quilométrico a un modelo zonal. Isto supón un grande beneficio para as persoas usuarias, xa que se pasa de distintos prezos segundo a distancia entre os puntos de orixe e chegada a unha tarifa única para cada ámbito, independentemente do transporte público utilizado, da empresa que preste o servizo e do número de transbordos que faga cada persoa, xa que estes serán gratuítos. Deste xeito, un veciño de Lorbé, por exemplo, poderá viaxar desde á súa localidade ao destino elixido da cidade da Coruña collendo o número de autocares que lle sexa necesario e pagando unicamente un billete de 0,72 euros. Do mesmo xeito poderá facer o traslado de volta por 0,72 euros igualmente xa que o resto do importe do billete está subvencionado polo Concello e pola Xunta de Galicia.

### Mellora das liñas e da súa frecuencia

● Oleiros mellora enormemente a oferta de servizos existentes coa entrada en funcionamento de novas liñas que comunicarán o municipio co resto da comarca coruñesa. Estas liñas comunicarán o polígono comercial de Iñás coa Coruña. A primeira farao a través da N-VI mentres que a segunda farao por Montrove. Ademais, a frecuencia pasa a ser de media hora en media hora e non de hora en hora como sucedía na liña que vai por Montrove. Así mesmo, está previsto mellorar a información para a cidadanía nas terminais e nos puntos de parada. Para iso a Xunta comprometeuse a renovar as marquesiñas e os postes das paradas.



### A tarxeta metropolitana de Galicia

● A nova tarxeta metropolitana substitúe a actual e convértese no novo medio de pagamento. A tarxeta permitirá aos cidadáns e ás cidadás que a empreguen obter os descontos no prezo dos billetes que se aboan nos servizos de transporte público integrados no transporte metropolitano de Galicia. A actual é unha tarxeta con contacto, pero a nova será sen contacto, o que facilitará o transbordo e o establecemento de tarifas especiais para colectivos concretos. Ademais non terá carácter persoal, polo que poderá ser utilizada indistintamente por calquera persoa.

## AS RUTAS DO TRANSPORTE METROPOLITANO EN OLEIROS



### A RUTA MUNICIPAL

Lorbé → Dexo → Cubo → Mera → Maianca → Broño → Os Galgos → Arillo de Arriba → Rialta → Abeleiras → Franzomel → Santa Cruz → Coruxo → A Ferrala → A Barreira → Oleiros → Piscina Oleiros → Iñás → Morzán → Os Vilares → Vilanova → Xardín de Nós → A Veiga → San Pedro (continúa cara a Cambre)

### A RUTA A CORUÑA POR N-VI

Glorieta do Pazo de Arenaza → Polígono comercial de Iñás → A Cobada → Miraflores → A Cruz → Cristo Rey → O Carballo N-VI → Mesón da Auga → Fortaleza → A Raqueta → O Graxal → O Seixo → Beiramar → Christian de Jaba → Hábitat Perillo → A Pasaxe (continúa cara á Coruña)

### A RUTA A CORUÑA POR MONTROVE

Glorieta Pazo de Arenaza → Polígono comercial de Iñás → Oleiros → A Pezoca → Os Regos → As Pedreiras → Residencia Agarimo → Lamastelle → Montorve → Solana → Lucín → Christian de Jaba → Hábitat Perillo → A Pasaxe (continúa cara á Coruña)



# O Concello contrata os servizos de Axuda no Fogar e Comedor sobre Rodas ▼



■ O Concello de Oleiros contratou os servizos de Axuda no Fogar e de Comedor sobre Rodas. O investimento deste importante servizo é de 559.000 euros por ano e a duración do contrato será de dous anos cunha opción a prórroga. Estes dous programas do Servizo de Benestar Social do Concello de Oleiros están encamiñados a garantir a calidade de vida das persoas maiores do municipio que

necesiten axuda para o desenvolvemento da súa vida e nel préstanse todos os servizos necesarios para o desenvolvemento da vida cotiá. O Goberno local de Oleiros leva máis de 20 anos poñendo en práctica políticas sociais onde os colectivos de especial sensibilidade, como o dos maiores, son a prioridade. Foi un dos pioneiros en Galicia en poñer en marcha este tipo de programas.



◆ Os obxectivos destes dous programas sociais son facilitar o desenvolvemento e o mantemento da autonomía persoal, previr a deterioración individual e promover as condicións favorables nas relacións familiares e de convivencia. Deste xeito, búscase mellorar a integración e a permanencia das persoas no seu contorno habitual mediante a axeitada intervención e os apoios de tipo persoal, doméstico, socioeducativo e social.

## As prestacións do Servizo de Axuda no Fogar

◆ O Servizo de Axuda no Fogar inclúe atencións de carácter persoal na realización das actividades básicas e instrumentais da vida diaria, como o apoio para erguerse, vestirse e comer. Tamén se encarga do apoio noutro tipo de actividades da vida cotiá, co acompañamento en saídas á rúa e a realización de xestións. Por outra banda, tamén se encarga da atención de carácter psicosocial e educativo co obxectivo de proporcionar hábitos saudables. Ademais tamén procura a atención de carácter doméstico no mantemento da orde e da hixiene.

## O Servizo de Comida sobre Rodas

◆ Este servizo préstase como complementario do SAF a persoas que, debido ás súas condicións físicas ou psicolóxicas, non teñen capacidade de cociñar. O programa de menús, composto por dietas terapéuticas, realízase en ciclos de 4 semanas con variacións estacionais en verán e inverno. A liña de comidas é de modalidade fría, por considerarse a máis axeitada ás características do servizo. Os menús distribúense aos domicilios en vehículos refrixerados e en envases individualizados, distribuindo nos domicilios microondas para as persoas usuarias do servizo.

## Os servizos complementarios

◆ Estes dous servizos complementáanse cunha serie de atencións como o servizo de lavandería, perruquería, podoloxía e manicura. Ademais préstanse axudas técnicas nas que se facilita material necesario para a mobilidade como, asentos elevadores, camas, material ortopédico ou cadeiras de rodas. Ademais existe un servizo de reposición de electrodomésticos que mellora os domicilios coa incorporación onde sexa necesario de neveiras, lavadoras, microondas ou lavalouzas.





# A urbanización do campo de golf de Xaz, aprobada inicialmente ▼

◆ O 28 de outubro do ano pasado aprobouse inicialmente a urbanización do campo de golf de Xaz, situado na parroquia de Dorneda. Nestes momentos a urbanización está pendente de recibir a aprobación definitiva por parte da Xunta de Galicia.

Unha vez que se complete este trámite, constituirase a xunta de compensación na que participarán todas as persoas propietarias de terreos no ámbito. A constitución desta xunta permitirá contratar as obras de construción da nova zona deportiva de Dorneda. Ademais posibilitará a entrega ao Concello de Oleiros de 177.000 metros cadrados de zona verde, 47.880 metros cadrados do castro de Xaz, 14.950 máis para ampliar a depuradora, outros 17.000 metros cadrados para construír un novo campo de fútbol en Dorneda, outros 5.897 para un centro de ensino e máis de 2.000 metros para unha escola infantil. Así mesmo, esta actuación está obrigada a construír unha nova vía desde Franzomel ata os Tornos que conecte coa vía Ártabra e que estará dotada con zonas de aparcadoiro.

Por outra parte, dentro da inminente construción deste novo campo de golf, o Concello como copropietario das instalacións, creará unha escola municipal de golf para posibilitar aos rapaces e ás rapazas das escolas públicas de Oleiros a aprendizaxe e a práctica deste deporte.



■ O desenvolvemento do campo de golf posibilitará a cesión de 177.000 metros cadrados de zona verde, 47.880 metros cadrados do castro de Xaz e 14.950 para a ampliación da depuradora, outros 17.000 metros cadrados para un novo campo de fútbol, outros 5.897 para un centro de ensino e máis de 2.000 metros para unha escola infantil.

## O teu can é a túa responsabilidade



◆ Somos máis de 11.000 veciños os que temos cans en Oleiros e só uns poucos os que nos deixan quedar mal por non cumprir as ordenanzas municipais respecto aos animais de compañía, que se centran en aspectos como levar o can da correa e recoller os excrementos do noso animal. Colabora por un concello máis limpo e por unha mellor convivencia social.





# Un veciño propón un interesante proxecto para a necesaria rotonda de Santa Cruz



## ■ A proposta prevé a construción dunha fonte na glorieta demandada polo Goberno local á Xunta

◆ A reordenación da intersección da gasoleira de Santa Cruz é unha demanda histórica do Goberno local de Oleiros. Este cruzamento de vías no centro da localidade é un dos puntos que orixina maiores retencións de tráfico no municipio. Coñecedor desta situación e da súa solución, o Concello demandou formalmente ata en catro ocasións ante os distintos gobernos da Xunta de Galicia a construción dunha rotonda que axilizase o tráfico nesta zona de Santa Cruz.

Recentemente, un veciño do municipio enviou ao Concello unha interesante proposta que humanizaría esta necesaria infraestrutura. A proposta inclúe a construción de motivos ornamentais que evocan o selo de identidade da localidade, o seu castelo. A proposta, que recrea en tres dimensións a imaxe da localidade tras a reordenación ilustra de forma clara e nítida como melloraría Santa Cruz con esta vital obra.

## O Concello deixou de financiar o mantemento do centro de saúde de Santa Cruz ▼

### ■ Segundo o convenio asinado entre a Consellería de Sanidade e o Goberno local en 2008, a Xunta debía facerse cargo do mantemento de todos os centros de saúde do municipio no 2009 e aínda non o fixo

◆ O Concello de Oleiros deixou de financiar o mantemento do centro de saúde de Santa Cruz o día un deste mes, data na que expiraron os contratos dos distintos servizos dos que se ocupa e que supoñen un gasto anual ás arcas municipais superior aos 60.000 euros. Segundo o convenio asinado entre a Consellería de Sanidade e o Concello de Oleiros en 2008 a Xunta debía facerse cargo do mantemento de todos os centros de saúde do municipio no 2009. Coa entrada do actual Goberno autonómico impediuse que este convenio se cumprise e a Xunta ocupouse única e exclusivamente do punto de atención primaria de Perillo, alegando problemas administrativos na cesión do solo do centro de saúde de Santa Cruz para non recibilo. Os problemas foron emendados polo Concello o pasado mes de xuño de 2010 sen que se recibise aínda ningunha resolución por parte da Consellería.

Os servizos dos que se ocupaba o Concello son o servizo de ascensores, os extintores contra incendios, o mantemento de zonas verdes e os

recibos de gas e electricidade. Ademais ata o pasado mes de agosto o Goberno local fíxose cargo do servizo de limpeza que deixou de financiar ao expirar o contrato en vigor, sen que a Xunta aboe á empresa encargada da tarefa aínda as facturas dos últimos meses. O Goberno local cumpriu dabondo coas obrigacións que tiña con este centro e non está disposto a asumir un gasto que é unicamente do Goberno autonómico que é a quen lle corresponde realizar este labor con fondos propios.

Así mesmo, o Concello de Oleiros denuncia que o actual Goberno da Xunta utiliza as institucións ao servizo do partido ao que pertencen os seus dirixentes. O pasado 15 de decembro de 2009 o alcalde de Oleiros Ángel García Seoane solicitou unha reunión por escrito coa Consellería de Sanidade para tratar este asunto, mais a día de hoxe, non se recibiu ningunha contestación.

## O Concello contrata a reforma do pavillón da Rabadeira

### ■ As obras levaranse a cabo a partir do mes de maio para non interromper a actividade escolar

◆ O Concello de Oleiros contratou a reforma do pavillón da Rabadeira, na parroquia de Oleiros. O investimento total do Goberno local no acondicionamento do máis antigo dos cinco pavillóns municipais será de 279.000 euros. A execución do proxecto mudará por completo a imaxe e as prestacións desta instalación deportiva. As obras inclúen a pavimentación da pista deportiva, a mellora da iluminación e a renovación dos vestiarios. Ademais cambiarase a cuberta e renovaranse as cristaleiras.

Os traballos levaranse a cabo a partir do próximo mes de maio. Esta decisión consensuada entre o alcalde do Concello e a Dirección do centro pretende trastornar o menos posible a actividade do alumnado no recinto.



# En Oleiros pagas menos polo teu coche... e por construír a túa casa, e pola túa herdanza

■ Os impostos municipais en Oleiros son dos máis baixos de toda a comarca coruñesa. En contra das afirmacións mal intencionadas daquelas persoas que defenden que os bos equipamentos e servizos municipais dos que gozamos no noso concello se deben a unha alta carga impositiva, nesta comparativa, con municipios da comarca similares ao noso, demostramos que Oleiros dispón dos impostos máis baixos.

## O imposto sobre os vehículos de tracción mecánica ▼

◆ Neste gráfico pode observarse como Oleiros é o concello que menos grava sobre os vehículos particulares, agás nos de alta cilindrada, que contaminan máis e que polo tanto teñen un tratamento menos beneficioso.

	SADA	CULLEREDO	CAMBRE	BETANZOS	ARTEIXO	OLEIROS
● De menos de 8 cabalos fiscais:	17,35 €	21,86 €	22,05 €	18,08 €	19,34 €	15,60 €
● De 8 ata 11,99 cabalos fiscais:	46,86 €	59,03 €	59,60 €	48,42 €	52,23 €	42,12 €
● De 12 ata 15,99 cabalos fiscais:	98,92 €	124,60 €	125,75 €	102,24 €	110,25 €	88,92 €
● De 16 ata 19,99 cabalos fiscais:	123,21 €	155,20 €	156,65 €	138,95 €	137,33 €	110,76 €
● De 20 cabalos fiscais en diante:	154 €	193,98 €	195,80 €	175,77 €	171,64 €	193,98 €

## As plusvalías. Transmisión de propiedades por herdanza ▼

◆ As transmisións por herdanza tamén son máis baratas en Oleiros. Para explicalo realizamos un suposto de transmisión dunha propiedade de carácter privativo dun dos cónxuxes, cuxo valor catastral do solo é de 60.000 euros. A comparativa faise a 5 anos e a máis de 20 anos. Os datos sobre canto pagaría de plusvalía unha persoa herdeira en Oleiros son esclarecedores.

	ARTEIXO	CAMBRE	CULLEREDO (1)	A CORUÑA	SADA	OLEIROS
● 5 anos:	1.914,00 €	1.365,00 €	2.625,00 €	1.767,66 €	1.012,50 €	1.053,00 €
● 20 anos:	5.808,00 €	4.368,00 €	8.100,00 €	4.783,08 €	3.450,00 €	3.726,00 €

(1) no caso de Culleredo, nas transmisións por mortis causa (herdanza), se fose a vivenda habitual da persoa falecida, onde estivese empadroada, tería unha bonificación dun 15% , é dicir, por 5 anos a cota a pagar sería 2.231,25 € e por 20 anos 6.885,00 €

## O ICIO ▼

◆ O ICIO é o imposto sobre construcións, instalacións e obras. Para realizar a comparativa realizamos un suposto cun proxecto para construír unha vivenda cun orzamento de execución material que ascende a 250.000 euros.

	ARTEIXO	CAMBRE	CULLEREDO	A CORUÑA	SADA	OLEIROS
● Cota ICIO:	7.750 €	8.500 €	8.750 €	10.000 €	6.250 €	7.500 €

As pintadas,  
os estragos no mobiliario,  
a degradación da paisaxe,  
as agresións ambientais...



Os parques, as prazas,  
as rúas, as praias,  
o concello...

**SON RESPONSABILIDADE  
DUNS POUÇOS**

**É PATRIMONIO DE TODOS**



# O Partido Popular quere impedir a construción do novo centro de ensino en Nós

Os populares queren disimular a falta de recursos económicos da Xunta e a incompetencia na xestión do Goberno autonómico con argumentos ociosos e escusas de mal pagador

Nestas páxinas expoñemos as actuacións que o Concello de Oleiros levou a cabo, con grande esforzo económico, para conseguir o solo necesario para a construción do novo colexio de Nós. Cos datos que se achegan demostráronse as mentiras do Partido Popular e pónse en evidencia a falta total de interese que o Goberno da Xunta ten en relación a este necesario equipamento docente.

## A cesión da parcela

Para que o Goberno autonómico trate a construción dun novo centro de ensino nun municipio os concellos están obrigados a poñer á súa disposición o solo necesario. Ademais, é obrigatorio que o terreo cedido dispoña dos servizos básicos de acceso, traída de augas, rede de saneamento e fluído eléctrico. Ao longo do primeiro trimestre de 2010 o pleno do Concello de Oleiros aprobou a proposta do Goberno municipal para ceder á Xunta de Galicia un terreo de 8.100 metros cadrados destinado a edificar un centro de educación infantil e primaria na parroquia de Nós (ver documento 1). A dita proposta viu a luz co voto favorable de Alternativa dos Veciños (9), Partido Popular (7), PSOE (4) e coa abstención do BNG (1).

Xa no mes de abril, o Goberno local notificou a cesión desta parcela á Xunta de Galicia para que a Consellería de Educación contratase o proxecto construtivo do futuro colexio da zona sur do municipio, e deste xeito, as obras puidesen ser executadas ao longo de 2011. Pero a Consellería nin contratou a elaboración do proxecto, a pesar de dispoñer de 150.000 euros destinados a iso nos orzamentos, nin notificou ao Concello que a parcela elixida tivese algún impedimento para ser edificada. Iso si, o PP criticou a demora na cesión da parcela (ver documento 2 e 3).

Documento 1: Certificado da secretaria da corporación do Pleno do 25 de marzo de 2010



### Certificado

Pilar Cela Alvarez, secretaria en funcións do Concello de Oleiros (A Coruña).

### CERTIFICO:

Que na sesión ordinaria do Concello Pleno, que tivo lugar o día 25 de marzo de 2010, adoptouse acordo sendo a súa parte dispositiva a seguinte: "Punto 4.- Aprobación, se procede, da cesión á Xunta de Galicia dunha parcela de 8.100 m2, para a execución dun Colexio de Educación Infantil e Primaria (Nós)

### Votación

Ó non se producir máis intervencións, pásase de seguido á votación do asunto que se ditaminou na xuntanza mantida pola comisión informativa de "réxime interior, persoal e seguridade cidadá" de 18 de marzo de 2010, amosando como resultado, vinte (20) votos a favor (nove (9) do grupo municipal "Alternativa dos Veciños"; sete (07) do grupo municipal "Popular" e catro (04) do grupo municipal "Socialista" e unha (01) abstención, unha (01) do grupo municipal "Mixto"-BNG).

En consecuencia, e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación adopta o acordo seguinte:

Primeiro.- Destinar a finca coa titularidade catastral "Fundación Hermanos Tenreiro", parcela cualificada no P.X.M.O. como "Sistema Xeral de Equipamento Docente", cunha superficie de 8.100 m2., para execución dun Colexio de Educación Infantil e Primaria, terreo a acadarse por medio do sistema de "expropiación", a medio do procedemento de "taxación consunta".

Segundo.- Dar traslado deste expediente ó Pleno da Corporación para que tome coñecemento de mesmo, sen perxuro de seguir o procedemento legalmente establecido para as cesións, que se materializará na finca/s que definitivamente se chegue/n a convenir coa Xunta de Galicia.

E para que conste expídese este certificado en conformidade co que dispón o artigo 204 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro (ROF), de orde e co visto e prace do Sr. Alcalde, coa advertencia á que a fai referencia o art. 206 do ROF citado e a reserva dos termos que resultan da aprobación da acta. Oleiros, 9 de novembro de 2010.-

Vº e Prace


O Alcalde

Ángel García Seoane

Praza de Galicia, 1, 15173 Oleiros (A Coruña), Tf. 981 61 00 00. Fax 981 61 05 26. www.oleiros.org


## A adquisición dos terreos

Tras o acordo plenario e ao longo dos seguintes meses o Concello de Oleiros realizou as xestións necesarias para poñer a disposición da Xunta o solo, así como para poder financiar o importante custo que supuxo para as arcas municipais a adquisición deste. Ademais, con posterioridade á notificación da entrega do terreo á Xunta, o Goberno local incrementou a extensión do solar cedido achegando 3.346 metros cadrados máis que se sumaron aos 8.100 metros cadrados xa dispoñibles, en total 11.496 metros cadrados polos que o Concello de Oleiros investiu 300.000 euros (ver documento 4). Este incremento de metros cedidos notificouse en tempo e forma á Xunta de Galicia coa entrega do levantamento topográfico da parcela.



Documento 4: Acta de conformidade de determinación do prezo taxado por mutuo acordo a través da que se adquiriron os terreos de Nós

## A difamación da Xunta e do PP local



Documento 5: Primeiro escrito da Xunta en relación á parcela do futuro colexio de Nós recibida o 21 de outubro de 2010



Documento 6: Segundo escrito da Xunta en relación á parcela do futuro colexio de Nós recibida o 21 de outubro de 2010

## El PP critica la demora del nuevo colegio por no ceder terreno

Afirma que Seoane tiene que dejar de culpar a terceros y buscar suelo disponible

El Partido Popular de Oleiros considera "una grave responsabilidad" la actitud del Gobierno local de "no mover ni un dedo para agilizar los trámites para la construcción del nuevo colegio público" del municipio. El plan general reserva una zona para el centro educativo en Nós, en la finca de la Fundación Tenreiro, pero aún no hay acuerdo entre los propietarios y el Concello e al anuncio incluso que se podría efectuar una expropiación. El portavoz del PP, Pablo Cobian, recordó que la Xunta ya incluyó el presupuesto de este año una partida de 150.000 euros para la redacción del proyecto pero no se ha avanzado en los trámites porque "el Concello no ha sido capaz de poner a disposición del Gobierno gallego el terreno necesario" por lo que la actuación acumula retrasos. Cobian señaló que "no es la hora de mirar al pasado ni echar culpas a terceros" sino que el Ayuntamiento tiene que "ver de que suelos dispone y ponerlos a disposición de la Xunta de inmediato". Agregó que el alcalde de hace años que se queja de que la Xunta no atiende esta urgente demanda pero la realidad es que "si no tiene los deberes hechos". Recordó que el regidor anuncia "compromisos difusos e imprecisos".

## El PP critica la demora del nuevo colegio por no ceder terreno

Afirma que Seoane tiene que dejar de culpar a terceros y buscar suelo disponible

El Partido Popular de Oleiros considera "una grave responsabilidad" la actitud del Gobierno local de "no mover ni un dedo para agilizar los trámites para la construcción del nuevo colegio público" del municipio. El plan general reserva una zona para el centro educativo en Nós, en la finca de la Fundación Tenreiro, pero aún no hay acuerdo entre los propietarios y el Concello e al anuncio incluso que se podría efectuar una expropiación. El portavoz del PP, Pablo Cobian, recordó que la Xunta ya incluyó el presupuesto de este año una partida de 150.000 euros para la redacción del proyecto pero no se ha avanzado en los trámites porque "el Concello no ha sido capaz de poner a disposición del Gobierno gallego el terreno necesario" por lo que la actuación acumula retrasos. Cobian señaló que "no es la hora de mirar al pasado ni echar culpas a terceros" sino que el Ayuntamiento tiene que "ver de que suelos dispone y ponerlos a disposición de la Xunta de inmediato". Agregó que el alcalde de hace años que se queja de que la Xunta no atiende esta urgente demanda pero la realidad es que "si no tiene los deberes hechos". Recordó que el regidor anuncia "compromisos difusos e imprecisos".

Documento 2: Páxina da edición local de La Opinión do 14 de xaneiro de 2010

## Cobian culpa al alcalde de que el nuevo colegio no tenga ni siquiera los terrenos

El delegado del Gobierno en Galicia asegura que este año Louro anuncia que el Guardia Civil se inaugura impensable que el Ayuntamiento ponga a su disposición el terreno necesario, algo que a día de hoy todavía no ha hecho". El PP achaca a las manifestaciones "contradictorias" de García Seoane el hecho de que se esté "confundiendo" a los vecinos oleiroses. "Dice que tienen muchas parcelas para construir el centro pero a la hora de la verdad no aparece ninguna en condiciones", asegura Cobian. Sobre estos terrenos, el portavoz popular recuerda que el regidor habló en alguna ocasión de una parcela de unos 5.000 metros cuadrados "cuando la Xunta no tiene expresamente que el proyecto requiere un terreno de 8.100 metros cuadrados". Pablo Cobian aseguró que todo este asunto "justa bien cuál es la forma de gobernar de García Seoane", quien, a su juicio, "lleva años culpando a otros del retraso del colegio pero en este tiempo no ha sido capaz de resolver lo que depende exclusivamente de él". Por último, el Partido Popular destaca que estas actuaciones son "un buen ejemplo del mito de la eficacia de la gestión y la planificación urbanística modélica" del equipo de gobierno, que "no es capaz de atender las necesidades más básicas".

## Cobian culpa al alcalde de que el nuevo colegio no tenga ni siquiera los terrenos

El delegado del Gobierno en Galicia asegura que este año Louro anuncia que el Guardia Civil se inaugura impensable que el Ayuntamiento ponga a su disposición el terreno necesario, algo que a día de hoy todavía no ha hecho". El PP achaca a las manifestaciones "contradictorias" de García Seoane el hecho de que se esté "confundiendo" a los vecinos oleiroses. "Dice que tienen muchas parcelas para construir el centro pero a la hora de la verdad no aparece ninguna en condiciones", asegura Cobian. Sobre estos terrenos, el portavoz popular recuerda que el regidor habló en alguna ocasión de una parcela de unos 5.000 metros cuadrados "cuando la Xunta no tiene expresamente que el proyecto requiere un terreno de 8.100 metros cuadrados". Pablo Cobian aseguró que todo este asunto "justa bien cuál es la forma de gobernar de García Seoane", quien, a su juicio, "lleva años culpando a otros del retraso del colegio pero en este tiempo no ha sido capaz de resolver lo que depende exclusivamente de él". Por último, el Partido Popular destaca que estas actuaciones son "un buen ejemplo del mito de la eficacia de la gestión y la planificación urbanística modélica" del equipo de gobierno, que "no es capaz de atender las necesidades más básicas".

Documento 3: Páxina da edición local de El Ideal Gallego do 25 de febreiro de 2010









# 264.930 euros para subvencionar os colectivos locais

■ O Concello de Oleiros, a través do Consello do Organismo Autónomo Municipal de Cultura, acordou subvencionar os distintos colectivos culturais, sociais, educativos e deportivos do municipio cun total de 264.930 euros. O obxectivo destas achegas económicas é financiar parte das actividades desenvolvidas ao longo de 2010 por estes colectivos. O importe económico que recibe cada asociación está supeditado á relevancia das actividades e ao número de persoas que participan nelas.

AGRUPACIÓNS SOCIAIS E CULTURAIS:		CONCEDIDO
ENTIDADE	CONCEPTO	IMPORTE
● A.V.V. A RÍA	Romería da Cabeza, Festa do Antroido, actividades de ocio e viaxes culturais	1.800
● A.V.V. O HÓRREO	Viaxes culturais, Festa dos Reis, de San Xoan e do Socio, Romería Xente con Xente, festas Patronais, ximnasia e informática	2.200
● A.V.V. OS RUEIROS	Baile e música galega, Festa Letras Galegas, dos Reis, Entroido e San Xoan. Mostra folclórica, danza do ventre, actividades, viaxes e intercambios	4.300
● A.V.V. SAN ANTÓN	Actividades. Viaxes culturais, Festas do Samaín e Magosto, alboradas San Antón e Festa das Flores, Festa do Antroido, Festa dos Reis, San Xoan, fin de ano	2.600
● A.V.V. SANTAIA	Festa dos Reis, Entroido, San Xoan e Semana Cultural. Música e baile galego, intercambio cultural, gaiteiros festa patronal do Santísimo, festa da primavera e romería da Patria	5.000
● A.V.V. RIALTA-XOECER	VIII Concentración sendeirista e cicloturista e excursións sendeiristas	600
● A.V.V. SAN COSME	Festas do San Cosme, Obradoiro de verán, obradoiro de teatro, danzas orientais, tango e ximnasia	2.500
● AGRUPACIÓN ARTÍSTICA E CULTURAL SEMENTE NOVA	Rondalla, baile galego, iniciación á música, palillos, encontros musicais	1.600
● AGRUPACIÓN CULTURAL "A MAROLA"	Viaxes e intercambios culturais	1.600
● AGRUPACIÓN FOLCLÓRICA FOLLÍÑAS	Escola de música e danza tradicional, viaxes culturais e festas tradicionais	1.600
● ASOCIACIÓN CULTURAL CORAL LEMBRANZAS STA. CRUZ	Participación e realización de concertos	1.500
● ASOCIACIÓN DE AMAS DE CASA	Manualidades, pintura en tela e óleo, estaño, cociña e viaxes culturais	900
● ASOCIACIÓN MULLERES RURAIS A CABANA	Manualidades e viaxes culturais	900
● ASPADISOL	Obradoiros, manualidades e cursos	3.400
● CENTRO CULTURAL E INSTRUTIVO	Obradoiros, viaxes culturais, e festas do entroido e socios	1.300
● CORAL POLIFÓNICA DE MERA	Festival aniversario, xuntanza de corais, festival Santa Icí, festival de panxoliñas	1.500
● CORO DE OLEIROS	Clases de canto e director, concerto aniversario, encontro de corais, participación en concertos	1.500
● S.C.R. AMIGOS DE LORBÉ	Artes plásticas, gaiteiros, alboradas, festas patronais, magosto, entroido, viaxes culturais, coral e rondalla	3.600
● S.C.R.D. DE DORNEDA	Festa San Martiño, concurso literario, Escola de baile, gaitas, percusión e coro, festas Nadal, entroido, San Xoan, manualidades, pintura e artes plásticas, habaneras e romería folclórica	5.200
● OS DECANOS HOGAR MUNICIPAL 3ª EDAD	Viaxes culturais	790
● A.C. CLUB PENSIONISTA DE MERA	Viaxes culturais	400
● CORAL AIRIÑOS DE NÓS	Intercambios e viaxes culturais e concerto de nadal	700
● A.C.D.R.V. O CARME DE MERA	Festas do Carme de Mera	720
● ASOCIACIÓN CULTURAL COFRADÍA DE STA. ANA / MERA	Festas de Santa Ana	970
● A.C.D.R.V.P. ROSARIO DE DORNEDA	Festas do Rosario de Dorneda	1.050
		<b>TOTAL: 48.230</b>
ENTIDADES DEPORTIVAS:		CONCEDIDO
● AC CLUBS DE FÚTBOL DE OLEIROS	Torneos de xuvenís, cadetes, benxamíns, alevíns, prebenxamíns e campus de verán	3.000
● CLUB ATLÉTICO SAN PEDRO	Fútbol categorías afeccionados 3ª autonómica, xuvenís, infantís, alevíns, benxamíns e prebenxamíns	4.350
● CLUB DE FÚTBOL SANTA CRUZ	Fútbol categorías afeccionados 3ª autonómica e prebenxamín	2.150
● CLUB DEPORTIVO OBRERO DE OLEIROS	Fútbol categorías afeccionados 3ª autonómica, xuvenís e cadetes	2.700
● HÉRCULES S.D.C.	Fútbol categoría afeccionados 3ª autonómica e xuvenís	2.150
● MARINO DE MERA C.F.	Fútbol categorías afeccionados 2ª autonómica, xuvenís, cadetes, infantís, alevíns, benxamíns e prebenxamíns	5.100
● UNIÓN CAMPESTRE F.C.	Fútbol categorías afeccionados 3ª autonómica, xuvenís, cadetes, infantís, alevíns, benxamíns e prebenxamíns	4.900
● S.C.R.D. DE DORNEDA	Fútbol categorías afeccionados autonómica preferente e 3ª autonómica, xuvenís, cadetes, infantís liga galega, alevíns (2), benxamíns (2) e prebenxamíns (2)	16.650
● CLUB ATLÉTICO PERILLO	Fútbol categorías afeccionados 3ª autonómica, infantís e alevíns	2.700
● A.D. CRISTO REY	Fútbol categorías infantís, alevíns, benxamíns (2) e prebenxamíns	2.750
● SOCIEDADE CULTURAL E DEPORTIVA RABADEIRA	Patinaxe de velocidade	1.900
● CLUB BREGÁN - OLEIROS	Tenis de mesa. Competicións e escola	1.200
● CLUB DE TENIS MAIANCA	Tenis. Participación en competicións e torneos sociais	500
● CLUB MERA, F.S.	Fútbol sala. Participación en campionatos e organización campus	2.100
● CLUB PATINAXE OLEIROS	Patinaxe artístico. Participación en campionatos, aprendizaxe e perfeccionamento	2.000
● ESCUELA DETENISCANABAL.COM	Tenis. Participación en competicións, torneos sociais e campus de verán	600
● JUDO CLUB OLEIROS	Judo. Participación en campionatos e curso ordinario	1.500
● CLUB CABI	Ximnasia artística. Participación en campionatos e escola	1.500
● CLUB DE REGATAS DE PERILLO	Remo. Participación en campionatos e escola	6.500
● CLUB BALONMÁN OLEIROS	Balonmán. Escola e participación en campionatos	1.200
● CENTRO DEPORTIVO MARIÑEIRO	Remo. Participación en campionatos e escola	750
● ESCOLA XIMNASIA ACORDES	Ximnasia rítmica. Participación en campionatos e escola	1.500
		<b>TOTAL: 67.700</b>
COLEXIOS E ANPA:		CONCEDIDO
● ANPA BIDUEIRO: Viaxe cultural, obradoiros culturais temáticos, festas fin de curso e tradicionais		700
● ANPA COLEXIO PÚBLICO DE MERA: Actividades extraescolares e deportes		21.000
● ANPA COLEXIO PÚBLICO RABADEIRA DE OLEIROS: Actividades extraescolares e deportes		35.000
● ANPA COLEXIO PÚBLICO VALLE INCLÁN: Actividades extraescolares e deportes		32.000
● ANPA MIGUEL HERNÁNDEZ DO IES MIRAFLORES: Obradoiro de construción de audiovisuais		500
● ANPA OS PAZOS DO IES MARÍA CASARES: Obradoiros de teatro e fotografía, intercambios culturais, festas de fin de curso, conferencias e xornadas culturais		3.300
● ANPA BOLBORETA DA ESCOLA MUNICIPAL DE DANZA DE OLEIROS: Viaxes culturais e asistencia a espectáculos		750
● CEIP ISIDRO PARGA PONDAL: Material didáctico, festas da escola, viaxes e publicacións escolares		7.300
● CEIP A RABADEIRA: Viaxes culturais, charlas e exposicións, revista escolar, teatro, deportes, uso das TICS e material didáctico		10.400
● CEIP VALLE INCLÁN: Viaxes culturais, actividades, semana do libro, publicacións e material didáctico		9.300
● CEIP LUÍS SEOANE: Viaxes culturais, revista escolar, e adquisición de material didáctico de educación infantil		6.300
● IES MARÍA CASARES: Viaxes culturais, actividades culturais		10.300
● IES MIRAFLORES: Viaxes e actividades culturais		9.000
● IES XOSÉ NEIRA VILAS: Viaxes culturais e actividades		2.950
● ESCOLA DE EDUCACIÓN INFANTIL DE VILAR: Material didáctico		200
		<b>TOTAL: 149.000</b>

● As actividades extraescolares da ANPA Bidueiro son realizadas directamente polo Concello de Oleiros.



# Chega unha nova edición de Ocioleiros ▼

■ O Goberno local inclúe novas e atractivas actividades neste exitoso programa




◆ Ao longo destes días comezará unha nova edición do programa municipal Ocioleiros no que anualmente participan ao redor de 1.300 veciños e veciñas do municipio. A edición deste ano oferta novas e divertidas actividades como bolos, coiro ou costura de supervivencia. Ademais consérvanse as disciplinas que máis éxito acadaron en pasadas edicións.

Ocioleiros é un dos programas municipais que conta con maior participación veciñal. O seu deseño permite ofertar cursos clasificados por grupos de idade, de 14 a 17 anos, de 18 a 40 e de 41 a 65 anos, o que contribúe a dinamizar a vida social no municipio e mellora as relacións de amizade entre veciños e veciñas de distintas localidades do municipio. Ocioleiros permite un mellor aproveitamento do tempo de lecer coa práctica de actividades deportivas, culturais, gastronómicas ou artísticas. Este programa desenvólvese de xaneiro a maio. Como vén sendo habitual, ao remate das actividades terá lugar un sorteo de tres viaxes culturais para os distintos grupos de idade.

## O Concello edita unha guía con todas as actividades para escolares ▶

◆ O Concello de Oleiros editou unha completa guía onde se recompila toda a oferta municipal en materia de actividades para escolares. Nesta publicación de 108 páxinas, recóllense as iniciativas dos departamentos de Cultura, Xuventude, Ensino, Normalización, Deportes e Bibliotecas que se están a levar a cabo ao longo deste curso nos centros de ensino e nas dependencias municipais. A publicación foi distribuída a través dos centros de ensino para que os pais e as nais dos escolares poidan coñecer máis a fondo a oferta municipal. O Goberno local de Oleiros leva anos confeccionando e mellorando este completo e ambicioso programa de actividades para escolares a través do que pretende enriquecer o tempo de lecer dos nenos e das nenas oleirenses.

Nesta publicación, os seis departamentos participantes presentan en profundidade cada un dos programas e todas as súas actividades. O contido de cada un dos departamentos está asociado a unha cor para facilitar a identificación. Ademais, o documento recolle, xunto a cada actividade, unha previsión coas épocas do curso onde se vai desenvolver cada unha das iniciativas, de xeito que, tanto os escolares, como os seus pais e as súas nais poidan prever aquelas onde lles gustaría participar.



## A Guía Cidadá repártese nos domicilios oleirenses

◆ Nestes días estase a repartir nos domicilios oleirenses a Guía Cidadá, unha nova publicación do Concello de Oleiros onde se recolle información dos principais equipamentos de Oleiros. Con esta publicación o Goberno local pretende facilitar o coñecemento dos equipamentos e os servizos municipais aos veciños, ás veciñas e a visitantes do municipio. Se es veciño empadroado no noso concello e non recibes esta publicación na túa casa podes recollela nas oficinas municipais da Fábrica ou na área da Alcaldía presentando a comunicación que che deixaron na caixa de correo

# Teatro, charlas, contacontos e actuacións promoverán o galego nos centros de ensino

■ O Servizo de Normalización Lingüística comezou a súa programación de dinamización lingüística para o curso 2010-2011 nos centros de ensino público do Concello. As actividades, que van dirixidas aos ciclos de educación obrigatoria, encherán de actuacións, charlas e contacontos o curso escolar, onde se buscará en todas elas o obxectivo principal que é a promoción da lingua galega.

## Cartas aos Reis Magos

◆ A primeira actividade que se desenvolveu estivo dirixida aos nenos e ás nenas de 6º de infantil e de 1º e 2º de primaria, o deseño dunha carta aos Reis Magos, onde se buscaba o emprego da lingua galega no Nadal. O grupo gañador foi 6º B de educación infantil do CEIP Luís Seoane de Mera, onde se premiou a orixinalidade, o traballo en equipo e a utilización do galego.



## Contos para coñecer o noso

◆ Ao longo deste ano, os centros seguirán coa oferta de dinamización lingüística onde se buscará o entretemento, á vez que se imparten diferentes ensinanzas. Os primeiros cursos de primaria, descubrirán quen é Luís Seoane a través de *Contos con Arte: Luís Seoane*, pois no Concello de Oleiros temos tanto un parque, como un colexio, dedicado a Luís Seoane, por iso é necesario dar a coñecer a súa vida e obra aos nenos e ás nenas oleirenses. E o mellor xeito de facelo é a través dos contos de Pablísimo, nos que os personaxes das pinturas de Seoane saen do lenzo para se converter en protagonistas de fascinantes historias.

O alumnado de 3º, 4º e 5º de primaria terán a ocasión de ver *Camiño de historias*, un espectáculo de Migallas Teatro que está constituído por varias historias de tradición oral, procedentes de distintos continentes e enlazadas mediante cancións e ditos populares, co fin de difundir a literatura popular infantil de Galicia.

6º de primaria e 1º da ESO recibirán unha representación moi especial, *Coñece a Rosalía de Castro*, onde a empresa Create se pon no papel da escritora máis importante e relevante da literatura galega, para dar a coñecer a súa vida e obra desde unha nova perspectiva.

## Secundaria traballará a situación sociolingüística con xogos e teatro

◆ Os cursos de secundaria traballarán a situación sociolingüística a través de diferentes programas adaptados para cada curso. Reverso Servizos Lingüísticos ofrece unha actividade para 2º da ESO, *O falar non ten cancelas*, onde cada grupo traballará a situación da lingua desde unha perspectiva lúdica e chea de exemplos.

3º e 4º da ESO recibirán no centro unha representación de teatro-foro, *A saúde da lingua*, unha representación de Manicómicos chea de humor, onde o público tamén é o protagonista.

Os cursos de bacharelato recibirán unha charla de Núñez Singala, *En galego, por que non?*, baseada no seu libro tamén chamado *En galego, por que non?*, que levará á reflexión sobre as actitudes do alumnado fronte á lingua e a partir de exemplos iranse derrubando os prexuízos lingüísticos que o estudantado poida ter.

No mes de maio continuará a programación especial das Letras Galegas, onde haberá unha representación teatral, o Correlingua e outras actividades de homenaxe a Lois Pereiro, nas que o Concello quere promover a lingua e fomentar o seu uso nos centros de ensino, pois a educación é un pilar básico do Goberno local e a lingua é un ben que debemos transmitir.

## Oleiros protéxese das situacións de risco

■ O Concello pon en marcha un programa formativo en autoprotección cidadá

◆ O Concello de Oleiros porá en marcha ao longo do próximo mes de marzo unha actividade formativa en autoprotección composta por unha serie de charlas teóricas. O programa comezará con charlas nos centros educativos de Oleiros, destinadas ao alumnado de 4º da ESO e 1º de bacharelato e continuará nas distintas casas do pobo onde poderán participar todos os veciños e veciñas que así o desexen. Con esta iniciativa, posta en marcha conxuntamente polo Servizo Municipal de Emerxencias e Protección Civil do Concello de Oleiros e o Centro de Información Xuvenil, iníciase unha serie de accións encamiñadas a informar sobre a protección individual ou colectiva e as medidas preventivas e primeiros auxilios que temos que levar a cabo ante calquera situación de risco: no fogar, na rúa e na praia. A autoprotección na poboación é fundamental para garantir a seguridade na vida diaria e desta forma intentar previr ou diminuír os riscos nunha situación de urxencia que poida poñer en perigo a vida das persoas. Xunto a isto, outro dos obxectivos deste programa é que todas as persoas participantes coñezan de primeira man o traballo que leva a cabo o Servizo de Emerxencias de Oleiros e Protección Civil.



# Comeza o programa complementario de educación física para os centros públicos de ensino ▼



## ■ O Concello complementa a formación física dos escolares con actividades que non se poden levar a cabo nos colexios

◆ O Servizo Municipal de Deportes pon en marcha ao longo deste mes de xaneiro, e por sétimo ano consecutivo, o seu Programa complementario de Educación Física para os centros de ensino público de Oleiros. Este programa está dirixido ao alumnado e o seu obxectivo é complementar a propia materia de educación física, incluíndo unidades didácticas de actividades, que polas súas características de materiais e de infraestrutura, os propios departamentos de educación física dos centros non poderían realizar por si mesmos. Deste xeito, o programa

inclúe actividades como a natación nas piscinas municipais, a escalada deportiva no pavillón municipal de Bastiagueiro, o kaiak de mar, surf e body-board no náutico de Bastiagueiro, o remo na Fábrica, o hóckey e a patinaxe en liña.

Ademais, o Concello de Oleiros financia a totalidade do custo do profesorado especializado e o servizo de transporte ata as respectivas instalacións cun investimento que supera os 16.000 euros.

## A Escola Municipal de Surf en pleno funcionamento en Bastiagueiro

### ■ O náutico municipal serve ademais para gardar o material particular das persoas abonadas

◆ Dentro da habitual preferencia do Concello de Oleiros polos deportes náuticos, desde o mes de novembro está a funcionar un novo curso da Escola Municipal de Surf, dirixida á nosa mocidade desde os 12 aos 17 anos. A actividade ten lugar no náutico da praia de Bastiagueiro todos os mércores e venres de 16:30 a 18:00 h, coincidindo sempre co mesmo calendario escolar que os centros educativos. O prazo de inscrición está aberto de xeito permanente.

Ademais, a Escola Municipal de Surf tamén programa cursos de iniciación ao surf e ao body. Trátase de cursos de seis horas de duración, sábados e domingos de 11.00 a 14.00 horas, e están dirixidos a maiores de 12 anos. Os cursos programados este ano serán o 12 e o 13 de marzo, o 26 e o 27 de marzo, o 16 e o 17 de abril, o 14 e o 15 de maio, o 28 e o 29 de maio, o 11 e o 12 de xuño e o 25 e o 26 de xuño.

Ademais e tamén na instalación náutica de Bastiagueiro, existe para as persoas empadroadas en Oleiros o servizo para gardar material de kaiak e táboas de surf cos seus respectivos traxes de neopreno, remos etc., para o cal unicamente é necesario abonarse á instalación por 7,21 euros ao mes. O horario de apertura deste local é de luns a venres de 15:00 a 19:00 horas, e sábados e domingos de 10:00 a 18:00 horas.



## A Liga Escolar de Judo do Concello de Oleiros en plena competición ▼

◆ Esta liga vai dirixida a todos aqueles rapaces e rapazas menores de 17 anos que practican judo nas casas do pobo do concello, en concreto nas de Perillo, Dorneda, Sta. Cruz e Mera, así como no colexio A Rabadeira. A liga dispútase en equipos de catro judokas, realizando varios combates en cada xornada e disputando un play-off final.

Con esta actividade preténdese promover e diversificar a actividade deportiva en idade escolar a través do judo, e en concreto apostar pola dinamización desta actividade nas casas do pobo do concello, así como fomentar os deportes de loita corporal como medio de desenvolvemento de patróns motrices específicos e a coordinación dinámica xeral, sen esquecer a importancia da convivencia entre practicantes de distintas localidades do noso concello.




## En marcha unha nova edición da Liga Municipal de Fútbol Sala ▼

◆ Cun total de 17 equipos con 187 participantes, arrancou no mes de outubro unha nova edición da Liga Municipal de Fútbol Sala de Oleiros, e que se está a disputar diariamente na polideportiva municipal de Canide. O Concello de Oleiros conta coa colaboración do Club Mera Fútbol Sala, para realizar as funcións coordinativas e de arbitraje dos partidos.

## Novos equipamentos nos pavillóns municipais ▼

◆ O Servizo Municipal de Deportes, dentro da súa liña habitual de mellorar pouco a pouco as instalacións deportivas, vén de realizar no mes de decembro un importante investimento en equipamentos deportivos. Trátase da dotación de asentos de PVC para espectadores, nos chanzos do polideportivo municipal Arsenio Iglesias de Santa Cruz e do polideportivo municipal de Perillo. Con iso preténdese mellorar, en canto á confortabilidade, a presenza de espectadores e espectadoras nas ditas instalacións.

# As bibliotecas municipais de Oleiros fomentan a lectura entre os escolares ▼



■ O Concello de Oleiros, a través da rede de bibliotecas municipais de Oleiros está a levar a cabo un completo programa de actividades de promoción da lectura. Estas iniciativas están dirixidas aos centros de ensino públicos. En total, participarán máis de 3.000 alumnos e alumnas ata o próximo mes de xuño. Haberá obradoiros de debuxo, de cómic, reunións con escritores e escritoras, contacontos etc.



## «A lectura, esa gran viaxe», a XX campaña de promoción nas bibliotecas públicas municipais

◆ O Sistema de Bibliotecas Públicas Municipais de Oleiros está a levar a cabo este curso unha nova campaña de promoción da lectura co fin de que o alumnado adquira o gusto pola lectura e o amor polos libros, así como que coñeza algunhas das bibliotecas municipais para que as visite e utilice no horario en que non permanece nos respectivos centros de ensino. A temática na que se vai basear a campaña deste curso xirará ao redor das viaxes. Traballaranse libros de ficción, nos que as autoras e os autores tratasen a temática das viaxes ou expedicións, pero tamén libros de relatos, poesía, folclore, lendas, historias e tradicións de diferentes países, que nos acheguen a outras sociedades e a diferentes culturas.

## Obradoiros de ilustración e banda deseñada

◆ Con esta actividade preténdese dar a coñecer diferentes ilustradores e ilustradoras de Galicia. Realízanse obradoiros de ilustración ou de banda deseñada a través dos cales a mocidade poida coñecer os distintos tipos de ilustracións ou que aprenda os aspectos básicos do cómic. Os obxectivos que se pretenden conseguir son aprender diferentes técnicas de ilustración e banda deseñada, fomentar a creatividade e a imaxinación, ademais de promover a lectura.



## Encontros con escritores e escritoras

◆ O Concello organiza tamén encontros literarios con escritores e escritoras. O obxectivo da iniciativa é dar a coñecer e promover os nosos autores e autoras e as súas obras. Dependendo de cada autor e das obras lidas realízanse encontros para as distintas idades tanto na Biblioteca Central Rialeda como no centro cultural As Torres de Santa Cruz para o alumnado de primaria, ESO ou bacharelato dos centros de ensino que os soliciten, para as persoas integrantes dos talleres de lectura e para o público en xeral.

## Visitas á Biblioteca Central Rialeda

◆ Con esta actividade preténdese ensinar a Biblioteca Central Rialeda, para que o alumnado a utilice fóra do seu horario escolar. Os seus obxectivos son: coñecer a Biblioteca Central Rialeda, presentar a páxina web municipal e o blog das bibliotecas, aprender a realizar buscas no catálogo, fomentar o uso do libro e a lectura. Realízanse visitas para todo o alumnado que o solicite dos diversos centros, pero recoméndanse preferentemente para alumnas e alumnos de 5º e 6º de ensinanza primaria e 1º e 2º de ESO.



## «Mil primaveras máis», homenaxe a Álvaro Cunqueiro no centenario do seu nacemento

◆ As bibliotecas municipais organizan unha homenaxe ao ilustre escritor galego Álvaro Cunqueiro no centenario do seu nacemento. A súa obra é unha das máis ricas e imaxinativas da literatura galega, con recreación de figuras e mitos e a incorporación de elementos populares e técnicas propias da oralidade, cun gran dominio da lingua galega e un estilo impecable. Os obxectivos son homenaxear o escritor, fomentar a lectura das súas obras e dar a coñecer algún dos seus relatos. As actividades que se realizarán nesta homenaxe inclúen varias actuacións de contacontos.



## O Entroido, unha gran festa en Oleiros ▼

◆ A implicación do Concello de Oleiros co Entroido remóntase a hai máis de 20 anos. Os actos de conmemoración desta festa que se desenvolven no municipio ao longo do mes de marzo son hoxe en día todo un referente para a comarca coruñesa. Os departamentos de Cultura e Benestar Social implicanse e colaboran con asociacións culturais e veciñais para dinamizar esta festa nas distintas casas do pobo e nos centros cívicos, o que contribúe a fortalecer a súa identidade colectiva.

Ademais das distintas festas e actividades nas vilas, o departamento de Benestar Social organiza o Entroido para maiores que se celebrará no pavillón polideportivo de Oleiros. Nesta festa, ademais da habitual chocolatada e da actuación da orquestra, realizarase un concurso de disfraces e choqueiros e haberá unha actuación sorpresa protagonizada como cada ano polo alcalde.



## O obradoiro de teatro medra en participación ▼



◆ O obradoiro de teatro organizado polo Concello de Oleiros vai incrementando a súa participación, o que enriquece o desenvolvemento das súas clases. Esta actividade, que ao longo deste ano se realiza no teatro As Torres de Santa Cruz en dous períodos de tempo cun parón estival, de marzo a xuño e de setembro a novembro, está destinada a persoas maiores de 18 anos interesadas na interpretación e no mundo do teatro. As leccións impártense de 18.00 a 20.00 horas e nelas farán unha aproximación básica ao traballo físico do actor e da actriz, integra a preparación do corpo para a actuación, dinámicas no espazo escénico, comunicación simple e clara a través do xesto, exploración da voz e do texto nas accións físicas, e o desenvolvemento dun vocabulario xestual básico que cree imaxes e emocións en escena; así mesmo achegaranos ao teatro con máscara, á loita escénica.

## Inaugúranse as clases de interpretación para nenos e nenas

◆ O Concello de Oleiros pon en marcha ao longo destes días un novo obradoiro de teatro infantil destinado a nenos e nenas que nacesen entre o ano 1999 e o ano 2004. O obradoiro realizarase no teatro As Torres de Santa Cruz os sábados en horario de mañá. As persoas interesadas en que os seus fillos ou as súas fillas poidan acudir a estas clases de interpretación e de introdución ao mundo do teatro poden poñerse en contacto co departamento de Cultura do Concello ou visitar o portal web municipal.



## O obradoiro de olería une arte e tradición

◆ A olería ten unha longa tradición no Concello de Oleiros, coma o seu propio nome sinala, por iso, a área de Cultura do Concello de Oleiros está a apostar por un curso que mostre as distintas técnicas e formas de tratar o barro unindo a arte coa tradición. Este curso realízase no alfar situado no parque das Torres, en Santa Cruz. O obradoiro pretende que o alumnado aprecie o feito artesán e o identifique cos valores culturais do Concello, que coñezan o proceso de creación dunha peza de barro, desde o moldeado ata a cocción, pasando pola pintura e o resto dos procesos creativos. Ademais aprenderase a traballar cos diferentes instrumentos de transformación do material e as técnicas de cocción. As clases son os luns e martes de 16.30 a 18.30 horas e de 18.30 a 20.30 horas. O curso comezou este mes e rematará en novembro. Haberá un parón nos meses de verán.

## A Casa Charry, unha interesante sala de exposición

◆ A Casa Charry continuará ao longo deste ano acollendo exposicións de distintas disciplinas artísticas. O horario de apertura desta sala é de luns a sábado, das 19.00 ás 21.00 horas. Con estas exposicións o Concello quere contribuír a difundir a cultura en todos os eidos, e incidir no desenvolvemento da educación artística dos nosos veciños e veciñas.





# O teatro será o protagonista da oferta cultural ata a primavera

■ Ao longo do próximo mes de febreiro o Concello de Oleiros porá en marcha a programación de teatro e música pertencente á Rede Galega de Teatros e Auditorios da Xunta de Galicia. O obxectivo que persegue o Goberno local a través da adhesión a este programa galego é ofrecer aos veciños e ás veciñas do municipio unha programación estable e de calidade que satisfaga as súas inxerencias culturais. As representacións teatrais terán lugar no auditorio Gabriel García Márquez, en Mera, ás 20:30 horas.

## ● *Volpone*

**Data: 12 de febreiro / Hora: 20.30 horas / Prezo: 3,50 euros**

◆ A compañía Talía Teatro representa a obra *Volpone*. Unha interesante comedia que conta cunha fiel e orixinal posta en escena. O señor Volpone é un nobre, dono de abundantes riquezas, que finxe estar no seu leito de morte co fin de enganar as persoas que desexan herdar a súa fortuna, ofrecéndolles a través do seu criado, o astuto Mosca, ser as únicas herdeiras. A corrupción é o eixe principal da trama de *Volpone*. É un texto orixinal de Ben Jonson, escrito no ano 1606 e é un dos textos clásicos máis representados da súa época. A duración aproximada é de 80 minutos.



## ● *O incerto señor don Hamlet, príncipe de Dinamarca*

**Data: 19 de febreiro  
Hora: 20.30 h / Prezo: 3,50 euros**

◆ A compañía Sarabela Teatro é unha obra única de Álvaro Cunqueiro, *O incerto señor don Hamlet, príncipe de Dinamarca*, texto lírico, intertextual e complexo que leva implícito ritmo, musicalidade, escrita marabillosa con grandes acertos técnicos, forza dramática e orixinalidade. Unha montaxe cunha teatralidade nova do mal, combinada co uso da ironía e procedementos lúdicos; na que se equilibran as forzas entre o amor e a morte. Toda a traxedia xira ao redor da responsabilidade humana nun mundo en descomposición. Ten absoluta vixencia. Os personaxes están postos en situacións límite, sometidos a profundas dúbidas entre sentimentos enfrontados: o amor, a ambición e a vinganza. A duración aproximada desta obra é dunha hora e media.



## ● *Memorias das memorias dun neno labrego*

**Data: 26 de febreiro  
Hora: 20.30 h / Prezo: 2,50 euros**

◆ A compañía Abrapalabra Creacións Escénicas representa *Memorias das memorias dun neno labrego*, unha obra baseada no libro de Xosé Neira Vilas xusto cando se cumpren 50 anos da súa primeira publicación. Este espectáculo, entre emotivo e divertido, mestura a experiencia de Cándido Pazó como home de teatro coa súa recoñecida traxectoria como contador de historias. A posta en escena ten un grande atractivo visual, apoiado por un coidado traballo de videocreación que, combinado cun ambicioso deseño de iluminación, debuxa para o espectador unha suxestiva escenografía das emocións. A proposta musical foi composta para a ocasión. A duración aproximada é de 80 minutos.



## ● *Un cranio furado*

**Data: 19 de marzo / Hora: 20.30 horas / Prezo: 5 euros**

◆ *Un cranio furado* é unha obra moderna representada pola compañía Producións Teatrais Excéntricas. Esta obra de intriga narra os feitos que acontecen nun país de chan acedo e alta pluviosidade, onde a emigración e un catolicismo escéptico son parte do ADN. O enterrador local, Mick, ten que trasladar os restos da súa esposa, morta sete anos atrás nun accidente de tráfico. Mais hai moitos que pensan que non foi un accidente. Entre eles, Tom, un policía local, e Mary-Johny, que prefere non dicir nada, porque é prima do enterrador. Ademais, hai un rapaz, confundido pola vida nocturna, que serve de axuda ou de estorbo a Mick, o principal sospeitoso. A duración aproximase aos 90 minutos.



## ● *Memoria de Helena e María*

**Data: 26 de marzo / Hora: 20.30 horas / Prezo: 3,50 euros**

◆ A compañía de Teatro do Atlántico representa *Memoria de Helena e María*. Unha obra que se desenvolve nos meses previos á guerra civil, nunha vila de Galicia, cando se produce o primeiro encontro entre Helena e Manuel e xorde o amor. A chegada da guerra de 1936 vai levar a Manuel á fronte republicana, e a súa vida vai rematar en Albacete un ano despois. Á morte de Manuel, Helena, a súa viúva, fica na vila, coa súa filla pequena, María, froito daquel amor, e con outra herdanza, deixada tamén polo seu home, que ha traer dramáticas consecuencias. Sesenta anos despois, por boca da súa filla, imos coñecer as características da tal herdanza e as consecuencias da súa conservación.





# TRIBUNA ABERTA

■ *Este é un espazo de participación cidadá onde se pode opinar sobre o tema que se desexe. Os textos son reproducidos de forma íntegra. Recorda que a extensión máxima debe ser de 1.000 caracteres. Se queres participar nesta sección do próximo Vivir escribenos ao enderezo electrónico comunicacion@oleiros.org*

## ***Acoso da prensa e tufo electoral***

As campañas electorais empezan cando o quinto poder, a prensa, secuestrada por unha política de subvencións do goberno de turno, desprega os seus medios para traballar como un rodillo con mensaxes explícitos e tamén subliminais para influír na conciencia e na estrutura profunda de individuos e, por tanto, da colectividade.

Os xornais con maior alcance e agora tamén emisoras de radio subsidiarias empezan por establecer unha zona de sombra nos Concellos gobernados por candidaturas non afíns á fonte dos seus ingresos -institucionais, empresariais- case que un ano antes do referendo. Desde o mes de Setembro Oleiros non existe no mapa para eses diarios, por mais que se trate dun Concello cunha sociedade civil hiperactiva, desenvolvendo un abano de actividades sociais en planos de usos, costumes, acontecementos, reivindicacións, etc. inxente. Ademais está sen recoller tampouco nos xornais a toma de decisións do goberno municipal no que atinxe a materias estratéxicas para o funcionamento dun territorio con vida propia pero tamén de grande implicación estratéxica no área metropolitana.

Para colmo, ás poucas ocasións en que asuntos de Oleiros son tratados polo presunto motivo de informar ben aos veciños atopámonos cunha única perspectiva á hora de dar a noticia, sempre desde o lado do Partido que goberna na Xunta, e dun xeito maniqueísta que persegue minar o prestixio da candidatura independente e veciñal que ten o mandato de facer as cousas no Concello. Exemplo: as xuntanzas do candidato do PP con veciños de Nós polos verquidos de empresas de Cambre ¿? no alcantarillado (diante da pasividade da propia Xunta fronte aos requerimentos do Goberno de Oleiros).

A estratexia de reducir o papel da candidatura independente completase coa actuación desleal, ilexítima, falta de ética e anticonstitucional da Xunta de Galicia, que obviando todas as leis escritas e non escritas, xira visitas a colectivos do Concello anunciando futuras actuacións en materia social da man do candidato do PP á Alcaldía, cando o propio e facelo desde o consenso institucional como rexe o feito de que existe un alcalde de facto con responsabilidade de goberno.

Desde eiquí ate o día das eleccións vanse suceder as sombras sobre as executorias do goberno dunha Alternativa veciñal que é un grao no cu para os partidos estatais, coas mentiras e difamacións sobre o alcalde e os concelleiros que logo son emendadas no mellor dos casos e co dano xa feito nun desmentido exiguo perdido nunha páxina publicitaria. A presión sobre unha aldea que resiste, neste curruncho da Gallaecia, complétase cunha restrición dos investimentos por parte da Administracións supra-municipais en materias de educación, sanidade e infraestruturas. Os oleirenses somos, con moito, os cidadáns que menos cartos recibimos da Xunta en toda Galicia. Aínda así, e grazas ao noso dinamismo e á posta en valor do noso patrimonio a través dun Plan de Urbanismo que ten convertido a este territorio un lugar apetecido, vivimos mellor do que lle gustaría ás elites

colonizadoras cos seus plans de seren os reis do formigón armado.

Por tanto, e fronte aos seus medios de propaganda e descrédito, o que nos toca aos cidadáns de Oleiros que temos camiñado tanto para alonxarnos do feísmo e os barrios dormitorio nos que a luz do futuro non entra, non é só votar, senón e sobre todo ter unha actitude activa na procura da información máis veraz antes de tomar partido.

**S.C.Q. (Mera)**

## ***Onde está Oleiros na Voz de Galicia?***

Como habitual lector de prensa, ultimamente había algo que non me cadraba ou, para ser máis exactos, me resultaba estrano.

Dende un tempo a esta parte La Voz de Galicia parece que non sabe do que acontece en Oleiros, nin para ben nin para mal.

Un preguntase se será por non recibir información do Concello, algo que dubido porque o resto dos xornais si dan novas; por falla de espazo, certo é que por tratarse do xornal máis importante da provincia ten que cribar máis os titulares, aínda que si este municipio, un dos máis importantes de Galicia, non ten lugar nas súas páxinas, quen o ten?; ou porque o espazo o ocupan páxinas enteiras de publicidade, pagadas por todos, da Consellería de Sanidade facendo demagogia; ou por mor dalgunha escura trama... podería ser, pero como lector habitual da Voz non o creo.

Por iso preguntome: Onde está Oleiros en La Voz de Galicia?

**P.J.R. (Santa Cruz)**

## ***Non chegan 13.000 metros cadrados para un colexio e sí 30 para 32 nenos?***

Como pai, un sempre desexa o mellor para os seus fillos. Como pai, un sempre procura que estes teñan as facilidades das que un non puido desfrutar. Como pai, un sempre loita para que os seus dereitos se cumpran, así como lles ensina a saber aceptar as súas obrigas.

Por iso un se pregunta cal é o motivo de que 13.000 metros cadrados non lle sirvan á Xunta de Galicia para construír un colexio nun solar espléndido e, sen embargo, si lles pareza ben que 32 nenos e nenas estean hacinados en 30 metros cadrados, como se atopan nestes momentos nalgún dos institutos de Oleiros?

Como veciño da parroquia de Nos, cando lía as novas na prensa chegábame a preguntar quen dicía a verdade. Ao ler as declaracións do representante do PP de Oleiros dicindo que a Xunta non sabía nada dos terreos sobre os que o Concello aseguraba terlles informado, ao ler que a parcela nin sequera estaba mercada, mentres o alcalde aseguraba que si, ao ler que era unha finca con árbores protexidas que non permitiría obrar, ao ler que non existían uns accesos acordes á instalación, como calquera

veciño da parroquia sabe que así é a simple vista, pois un dubida, ata cre ao escoitar afirmar todo isto con tanta rotundidade a un concelleiro como Pablo Cobián, o meu concelleiro, ata digo, porque unha cousa é a política municipal e outra a autonómica e a nacional.

A sorpresa, e o enfado, por non dicir cabreo, vén cando nunha reunión mantida co alcalde na Casa do Pobo de Nos por mor dunhas obras de beirarrúas, descubrimos que todas e cada unha das decididas frases do noso concelleiro son MENTIRA. Non só non é que a Xunta soubese do terreo dende mediados deste ano, senón que a parcela xa está mercada, o solar non ten nin unha soa árbore e, o que máis un podía crer, si existe un plan para os accesos: unha rotonda na entrada do centro, da cal existen planos. E todo isto acompañado por documentos oficiais que puiden ver e observar na casa do Pobo de Nos.

Nós necesita un colexio, lñas necesítao, ao igual que Oleiros e o lugar é inmejorable. Está claro que, egoistamente, un quere ter preto da súa casa a comodidade dun centro, pero obxectivamente, está claro que os máis necesitados somos nós, os de Nos.

**R.G.M. (Nós)**

## ***"Territorio comanche"***

Os meus ollos ficaron estalecidos, a miña boca muda como unha buxaina morta e sen corda, os meus pes, pegados ao chan como os pilares núos que estaba a observar.

Dous kilómetros de ruínas, de fogares coas paredes derrubadas como naipes, onde relucen recén nados das súas caixas, de escombros misturados co barro aplastado polas rodas das escavadoras.

Crin recoñecer o lugar. Algo daquel sinuoso camiño érame familiar. Os recordos viñan á miña mente como fugaces de vus dunhas vivencias onde se misturaban os estralos dos foguetes das alboradas polo patrón, as carreiras en bicicleta polos carreiros de herba xiada e ata algún que outro primeiro amor. Todo nun estrano recorrer de esqueletes de cemento e tellados desdentados.

Territorio comanche! Esos fogares feridos de bala! Todo veu á miña cabeza como un pesadelo. E cando estaba a piques de quedar sen folgos, perdidos os ollos naquela penosa visión... unha doce música fixo que as pálpebras cegasen ese fatídico espellismo ao abrirse á luz dun día claro. Durmido?

De novo a mente que xoga malas pasadas. Outro luns máis a traballar, pero... e ese estrano soño? Nin unha película antonte, nin un documental, nada hai que me provocase tal cousa... esta cabeciña...

Érgome, abro a fiestra para ventilar estancias e pensamentos e... aí a explicación, eiquí o motivo. Por qué tanto tempo paralizadas? A que vén este desastre?

Para cando o remate das obras da N-VI?

**Diego Castro López**

**Teléfono do Veciño**

Toda a información de 8 da mañá a 8 da tarde ininterrompidamente

**981 610 000**

**Concello de Oleiros 981 610 000**

Policía Local (24 horas)	981 610 001
Garda Civil de Oleiros	981 610 067
Garda Civil urxencias	062
Xulgado	981 610 824
Servizo de augas	981 610 602
Mercado municipal	981 638 158
Recadación municipal	981 635 603
Ofic. Consumidor (Omic)	981 610 000 ext.1274
C. Recuper. fauna salvaxe	981 626 241
Urxencias médicas (24 horas)	061
Centro Urxencias Sta. Cruz	981 614 901
Centro Saúde Perillo	981 638 731
Centro Saúde Sta. Cruz	981 626 768
Centro Saúde de Oleiros	981 610 465
Casa do Mar de Mera	981 628 544
Protección Civil	981 636 933

**Centros municipais de actividades**

Centro Cultural A Fábrica	981 636 598
Centro Cívico de Sta. Cruz	981 614 784
Casa do Pobo de Mera	981 617 662
Casa do Pobo de Iñás	981 631 240
Casa do Pobo de Nós	981 664 257
Casa do Pobo de Dexo-Lorbé	981 618 201
Centro Cultural de Montrove	981 639 422
Casa da Cultura de Perillo	981 636 555
Centro de Información Xuvenil	981 636 598
Museo Oleiros J.M.Kaydeda	981 626 692
Castelo de Sta. Cruz	981 630 618
Aula do Mar / Faros de Mera	981 618 154
Escola Municipal de Danza	981 639 155
Escola Municipal de Música	981 639 143
Centro de Lecer Portaberta	981 614 083

**Centros educativos**

CMF Isaac Díaz Pardo	981 631 706
El O Vilar / Nós	981 664 257
El A Pardela / Os Regos	981 631 788
El As Galeras / Bastiagueiro	981 648 446
EIM A Canteira / Perillo	981 977 921
IES Neira Vilas / Perillo	981 638 903
IES Miraflores / Oleiros	981 631 615
IES Mª Casares / Bastiagueiro	981 626 344
CEIP Luis Seoane / Mera	981 617 130
CEIP Parga Pondal / Sta. Cruz	981 614 976
CEIP Valle Inclán / Perillo	981 636 754
CEIP A Rabadeira / Oleiros	981 610 023

**Bibliotecas**

Central Rialda / Perillo	981 639 511
Rosalía de Castro / Sta. Cruz	981 626 338
María José Trincado / Mera	981 628 507
Mª José Ruso / Dorneda	981 626 638
Manuel María / Oleiros	981 610 700
Ánxel Fole / Nós	981 664 257
Xograr Mendiño / Dexo-Lorbé	981 618 201
F. García Lorca / Montrove	981 639 515

**Querida lúa**

**O ciclo da lúa**

<b>Medra</b>	11 febreiro / 12 marzo / 11 abril
<b>Chea</b>	19 xaneiro / 18 febreiro / 19 marzo
<b>Mingua</b>	26 xaneiro / 24 febreiro / 26 marzo
<b>Nova</b>	3 febreiro / 4 marzo / 3 abril

**Transportes**

En Oleiros TAXI a domicilio no **981 243 333**

**Horarios Cal Pita**

- Aeroporto de Alvedro **981 187 200**
- Estación autobuses A Coruña **981 184 335**
- Estación FFCC San Cristovo **902 240 202**

<b>1 &gt; A Coruña &gt; Fonteculler &gt; O Burgo &gt; San Pedro &lt;</b>	Laborables Ida 6:45 ■ 6:55 ■ 7:10 ■ 7:25 ■ 7:35 ■ 7:45 a 21 cada 15' ■ 21:30 a 22:30 cada 30' Volta 7 a 21 cada 15' ■ 21:30 a 22:30 cada 30' Sábados Ida 7:10 ■ 7:40 ■ 8-22:30 cada 30' Volta 7:30 a 22:30 cada 30' Dom+fest Ida 7:10 ■ 7:40 ■ 8 a 22:30 cada 30' Volta 7:30 a 22:30 cada 30'
<b>2 &gt; A Coruña &gt; Perillo &gt; Montrove &gt; Os Regos &gt; Oleiros &lt;</b>	Laborables Ida 7:05 a 22:05 cada hora. Volta 7:35 a 22:35 cada hora Sábados Ida 8:05 a 22:05 cada hora. Volta 8:35 a 20:35 cada hora Dom+fest Ida 10:05 a 20:05 cada hora. Volta 10:35 a 20:35 cada hora
<b>2a &gt; A Coruña &gt; Perillo &gt; Montrove &gt; Os Regos &gt; Oleiros &gt; Soñeiro &lt;</b>	Laborables Ida 7:05. Volta 7:30 Sábados Ida 8:05 ■ 14:05. Volta 8:30 ■ 14:30 Dom+fest Ida 10:05 ■ 14:05. Volta 10:30 ■ 14:30
<b>2b &gt; A Coruña &gt; Perillo &gt; Montrove &gt; Os Regos &gt; Oleiros &gt; Pousada &lt;</b>	Laborables Ida 16:05. Volta 16:35 Sábados Ida 16:05 ■ 19:05. Volta 16:35 ■ 19:35 Dom+fest Ida 16:05 ■ 19:05. Volta 16:35 ■ 19:35
<b>3 &gt; A Coruña &gt; Perillo &gt; Nos &gt; O Carballo &gt; Oleiros &gt; Sada &lt;</b>	Laborables Ida 6:55 a 20:55 cada hora ■ último ás 22. Volta 6:55 a 21:55 cada hora Sábados Ida 6:55 a 20:55 cada 2 horas. Volta 7:55 a 21:55 cada 2 horas Dom+fest Ida 8:55 ■ 10:55 ■ 13:05 ■ 14:55 a 20:55 cada 2 horas. Volta 9:55 a 21:55 cada 2 horas
<b>4 &gt; A Coruña &gt; Perillo &gt; Sta. Cruz &gt; Arillo &gt; Sada &lt;</b>	Laborables Ida 6:25 a 21:25 cada hora. Volta 6:25 a 21:25 cada hora Sábados Ida 6:25 ■ 8:25 a 20:55 cada hora ■ Último ás 22. Volta 7:25 a 21:25 cada hora Dom+fest Ida 8:25 a 20:25 cada hora ■ Último ás 22. Volta 8:25 a 21:25 cada hora
<b>6 &gt; A Coruña &gt; Perillo &gt; Sta. Cruz &gt; Arillo &gt; Rialta &lt;</b>	Laborables Ida 6:50 ■ 7:10 ■ 13:05 ■ de 7:40 a 20:40 cada hora ■ De 8 a 12 cada hora ■ De 14 a 20 cada hora ■ Último ás 22. Volta 7:10 a 21:10 cada hora ■ De 7:30 a 19:30 cada hora ■ 20:50 ■ 22:30 Sábados Ida 8:50 ■ 9:40 a 20:40 cada hora. Volta 9:10 a 21:10 cada hora Dom+fest Ida 9:40 a 20:40 cada hora. Volta 10:10 a 21:10 cada hora
<b>6a &gt; A Coruña &gt; Perillo &gt; Sta. Cruz &gt; Arillo &gt; Rialta &gt; Dorneda &gt; Pousada &gt; Oleiros &gt; Soñeiro &lt;</b>	Laborables Ida a Oleiros 8 ■ a Soñeiro 20 Volta a Oleiros 8:40 ■ a Soñeiro 20:40
<b>6b &gt; A Coruña &gt; Perillo &gt; Sta. Cruz &gt; Franzomel &gt; Dorneda &gt; Pousada &gt; Oleiros &gt; Soñeiro &lt;</b>	Laborables Ida a Soñeiro 13:10. Volta de Soñeiro 13:50 Sábados Ida a Oleiros 11 ■ 21:10. Volta de Oleiros 11:30 ■ 21:45 Dom+fest Ida a Oleiros 10:20 e 13:10. Volta de Oleiros 10:45 ■ 13:35
<b>VERÁN &gt; A Coruña &gt; Perillo &gt; Sta. Cruz &lt;</b>	Sábados+dom+fest Ida 10 a 21 cada hora Volta 10:30 a 21:30 cada hora
<b>VERÁN &gt; A Coruña &gt; Perillo &gt; Sta. Cristina &lt;</b>	Luns a domingos Ida 10:20 a 20:20 cada hora Volta 10:50 a 20:50 cada hora



**34.438**  
veciños/as  
censados/as!

**Ata o 21 de decembro, o censo por parroquias é de:**

DEXO (Santa María)	1.386
DORNEDA (San Martiño)	3.439
IÑÁS (San Xurxo)	1.230
LIÁNS (Santa Eulalia)	9.942
MAIANCA (San Cosme)	1.229
NÓS (San Pedro)	4.602
OLEIROS (Santa María)	2.951
PERILLO (Santa Leocadia)	8.083
SERANTES (San Xulián)	1.576
<b>TOTAL</b>	<b>34.438</b>

**FARMACIAS DE GARDA**

	<b>Datas</b>
■ CARMEN CASARIEGO TORRES Santa Cruz-Rúa Francisco Comesaña, nº 4-6 (Liáns) ● Teléfono: 981 614 503	Do 14 ao 20 de xaneiro Do 25 ao 31 de marzo
■ TERESA LEMA ESPASANDÍN Arillo-Avda. República Argentina, nº 95 (Dorneda) ● Teléfono: 981 648 440	Do 21 ao 27 de xaneiro
■ MARTA DE SAN IGNACIO GIL DE LA PEÑA Urbanización Os Regos-Isaac Díaz Pardo, nº 4 (Liáns) ● Teléfono: 981 614 184	Do 28 de xaneiro ao 3 de febreiro Do 8 ao 14 de abril
■ MARÍA TERESA CHUCLÁ CUEVAS Rúa Viñas de Babilonia, nº 8 (Liáns) ● Teléfono: 981 923 845	Do 4 ao 10 de febreiro Do 15 ao 21 de abril
■ PEDRO JOSÉ IGLESIAS PASTORIZA Avda. Ernesto Ché Guevara, nº 16 (Perillo)	Do 11 ao 17 de febreiro Do 22 ao 28 de abril
■ ALEJANDRO SÁNCHEZ BARREIRO Rúa Golfiño, nº 121 (Dexo)	Do 18 ao 24 de febreiro
■ SANTIAGO MAIZ CAL Rúa Camilo Díaz Baliño, nº 1- A (Oleiros) ● Teléfono: 981 610 027	Do 25 de febreiro ao 3 de marzo
■ MARTA VIGUERA MOSQUERA Mera-Rúa Miramar, nº 4 (Serantes) ● Teléfono: 981 617 937	Do 4 ao 10 de marzo
■ Mª TERESA MIGUÉLEZ FREIRE Avda. Rosalía de Castro, nº 247 (Perillo) ● Teléfono: 981 635 024	Do 11 ao 17 de marzo
■ Mª ROSA CATRUFO FERREÑO Avda. das Mariñas, nº 247 (Nós) ● Teléfono: 981 663 890	Do 18 ao 24 de marzo



## En marcha o novo portal web municipal

◆ O Concello de Oleiros puxo en funcionamento o pasado 12 de xaneiro o novo portal web municipal. Con este renovado espazo dixital, o Goberno local avanza na súa política de garantir o dereito á información dos veciños e das veciñas oleirenses, especialmente ante o actual contexto sociopolítico, que está a causar unha seca informativa por parte dalgúns medios de información local que non se fan eco das novas xeradas no Concello. A páxina web, que conserva o seu enderezo [www.oleiros.org](http://www.oleiros.org), dispón de toda a información municipal de interese e permite acceder a ela a través de distintas vías e dun modo sinxelo e intuitivo. Ademais, o portal conta con novos servizos de administración electrónica.

Deste xeito, a nova web municipal únese ás outras canles informativas do Concello como son Radioleiros (101.5 FM), as distintas publicacións municipais, incluído este periódico, e os paneis informativos espallados polo concello.

### As claves para navegar polo novo portal web

#### 1. O Concello

Nesta sección poderás atopar toda a información estruturada segundo a organización de traballo do Concello.

#### 2. Comunicación

Nesta sección englobanse as novas con toda a actualidade da vida municipal coa posibilidade de subscribirse a través do correo ou por canle RSS. Tamén existen a opción de escoitar Radioleiros en liña, un apartado con avisos urxentes e a opción de consultar o tempo en Oleiros.

#### 3. Buscador

A través desta funcionalidade podes atopar toda a información de interese no portal.

#### 4. Administración electrónica

Ligazón directa aos apartados de administración electrónica do Concello, como son a carpeta cidadá, o portal do provedor e o portal de notaría e xestoría.

#### 5. Temas

Nesta sección poderás navegar e atopar a información que máis che interese estruturada a través de temáticas.

#### 6. Destacados

Un lugar onde dar a coñecer as campañas destacadas do Concello.

#### 7. Localiza

Sección onde localizar calquera edificio, número de teléfono etc. do Concello de Oleiros.

#### 8. Nun click

Ligazón directa a aqueles trámites máis usados no Concello a un click.

#### 9. Parroquias

Nesta sección poderás navegar e atopar a información que máis che interese estruturada a través das parroquias do Concello de Oleiros.

#### 10. Ligazóns directas

Ligazóns directas ás seccións do portal que rexistran máis consultas por parte das persoas usuarias, Bibliotecas, Turismo, Deportes e Normalización. Ademais tamén hai un acceso directo á páxina web do Foro Revela.

The screenshot displays the Oleiros municipal website interface. At the top, there's a header with navigation links like 'Mapa web', 'Contacta connosco', and 'Accesibilidade'. The main content area is divided into several sections: 'O CONCELLO' (1) with a list of departments; 'COMUNICACIÓN' (2) featuring news articles and a search bar; 'TEMAS' (5) with a grid of topic icons; 'LOCALIZA' (7) with a search bar for locations; 'PARROQUIAS' (9) with a map of the municipality; 'PERFIS' (12) with icons for different user profiles; and 'DESTACADOS' (6) with featured news items. A sidebar on the right contains 'AVISOS' (3), 'ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA' (4), and 'CIDADÁ PROVEEDOR NOTARÍAS'. The footer includes 'Aviso legal', 'Política de privacidad', and logos of funding entities.

#### 11. Información de interese

Aquela información de interese de calquera tipo de evento que se queira ligar desde o portal.

#### 12. Perfís

Nesta sección poderás navegar e atopar a información que máis che interese estruturada a través dos diferentes perfís.

#### 13. Ampliación comunicación

Outras funcionalidades ligadas ao punto 2 sobre comunicación: Radioleiros, programas de tv, hemeroteca de novas, publicacións, edición dixital do Vivir en Oleiros e información do servizo de prensa.